

Código do documento	Código do expediente
USG14I020T	USG/2020/176
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
4410 1D0X 3K4T 3F1U 13BV	

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLO PLENO MUNICIPAL EN DATA 26 DE NOVEMBRO DE 2020.

No salón de plenos da Casa Consistorial do Concello de Culleredo, sendo as trece horas e trinta e dous minutos do día vinte e seis de novembro de dous mil vinte, e previa a oportuna convocatoria con especificación da orde do día a tratar, reúnese o Pleno municipal en sesión ordinaria, en primeira convocatoria.

Preside a sesión o Sr. Alcalde, don José Ramón Rioboo Castro, e asisten:

Polo Grupo Municipal do PSdeG-PSOE:

D^a MARÍA GUADALUPE POMBO CARRIL
D^a MARTA MARÍA FIGUEROA FUENTES
D. JUAN CARLOS IGLESIAS LOVELLE
D^a. MARTA MARÍA IGLESIAS BECERRA
D. MIGUEL SUÁREZ GARCÍA
D^a. YESSICA MÉNDEZ SÁNCHEZ
D. MARIO ALFONSO IGLESIAS GÓMEZ
D^a. MARÍA PENÉLOPE LÓPEZ DÍAZ
D. CARLOS LIÑARES GESTAL
D.^a SUSANA AMOR FERNÁNDEZ
D. ABRAHAM SEIJAS GONZÁLEZ

Polo Grupo Político Popular:

D^a. IZASKUN GARCÍA GOROSTIZU
D. ALFONSO RICO VEEA
D. ANTÓN PRIETO GARCÍA

Polo Grupo Político Bloque Nacionalista Galego:

D. ENRIQUE ANTONIO CHOUCIÑO GARRIDO
D^a. MARÍA BEATRIZ PÉREZ MOSQUERA
D. GONZALO MÉNDEZ MOSQUERA (que se ausenta da sesión no momento que se expresa nesta acta)

Polo Grupo Político Alternativa dos Veciños:

D^a. MARÍA ALICIA FERREIRO VARELA
D. EDUARDO JOSÉ MOURELLE BOTANA
D^a. SANDRA MARÍA MARZOA GARCÍA

Asiste á sesión a interventora municipal, dona Vanesa García Barreiro, e dá fe do acto a secretaria xeral, dona Pilar María Pastor Novo.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 90 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, para a válida celebración das sesións plenarias, declara aberta esta sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na Orde do Día da convocatoria.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS SESIÓNS REALIZADAS EN DATAS 29.10.2020 E 05.11.2020.

Código do documento	Código do expediente
USG14I02OT	USG/2020/176
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
4410 1D0X 3K4T 3F1U 13BV	

Seguidamente, de conformidade co previsto no art. 79 do Regulamento Orgánico Municipal (BOP N° 162, 16/7/2004), pola Presidencia pregúntase se existe algunha obxección ou observación as actas das sesións ordinaria celebrada en data vinte e nove de outubro de dous mil vinte e extraordinaria de data cinco de novembro de dous mil vinte, das que se remitiu copia coa convocatoria desta sesión.

Non producíndose intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria as actas das sesións ordinaria celebrada en data vinte e nove de outubro de dous mil vinte e extraordinaria de data cinco de novembro de dous mil vinte, sendo aprobadas por unanimidade.

Á vista do resultado da votación decláranse aprobadas as actas das sesións ordinaria de data vinte e nove de outubro de dous mil vinte e extraordinaria de data cinco de novembro de dous mil vinte.

2.- PROPOSTA RELATIVA A APROBACIÓN DA CONTA XERAL 2019.

A Presidencia somete a debate e votación do Pleno a proposta da Alcaldía de data 23 de novembro de 2020 que literalmente di:

“A Conta Xeral do Concello de Culleredo correspondente ao exercicio económico de 2019, formada pola Intervención municipal, rendida polo Presidente e informada pola Comisión Especial de Contas, foi exposta ao público por un prazo de quince días, non téndose recibido reclamación, reparo ou observación algunha durante o devandito período de exposición e oito días máis ao que fai referencia o artigo 212 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais.

Polo tanto, PROPONSE ao Pleno Municipal:

Primeiro.- Debate e votación sobre o voto particular formulado por don Enrique Antonio Chouciño Garrido en data 8 de setembro de 2020.

Segundo.- A aprobación da Conta Xeral do Concello de Culleredo correspondente ao exercicio de 2019.”

Iniciada a quenda de intervencións fai uso da palabra o sr. alcalde e procede á lectura da proposta presentada.

A continuación solicita o uso da palabra o voceiro do grupo político do BNG sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que a proposta do sr. alcalde que ven para aprobación a este Pleno di que non houbo reclamacións, observacións ou reparos durante a exposición pública e que o primeiro que queren facer ver é que o BNG, ao igual que fixo durante a tramitación do orzamento, solicitou que a Conta Xeral se expuxera ao público na web municipal, sen que se atendera esta demanda; que para o BNG non se está garantindo a publicidade requirida que está condicionada polas restricións e recomendacións das autoridades de evitar desprazamentos e reunións innecesarias, que o seu grupo municipal emitiu un voto particular porque o seu voto na comisión foi en contra e que este é o motivo de que este punto da orde do día teña dous apartados, o primeiro para debater e votar sobre o voto particular do BNG que pasa a expoñer para coñecemento de todo o mundo, e para que se engadan aos estados contables as referencias que pasan a relatar, procedendo á lectura dos fundamentos do voto particular que din:

“A Contabilidade Pública Municipal, os documentos que integran as contas anuais deben conducir a que as contas anuais mostren a imaxe fiel do patrimonio. Entendemos que esa imaxe fiel, non se está dando por diversas cuestións que pasamos a detallar e das que non se da conta nos diversos documentos da Conta Xeral 2019, sen prexuízo de mellor e máis ampla explicación por quen teña competencias e coñecementos para realizar unha análise máis exhaustiva das contas:

Código do documento	Código do expediente
USG14I02OT	USG/2020/176
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
4410 1D0X 3K4T 3F1U 13BV	

Inventario non actualizado.

Da revisión dos documentos, botamos en falla unha maior amplitude na descrición das consecuencias, de cantidade e de cualidade respecto da "non actualización do inventario". A única alusión ao inventario está na Memoria do exercicio, documento que ven sen asinar, e que como todo detalle e na única mención da palabra inventario nos 177 folios do documento di: "O Concello non dispón na data da aprobación das contas anuais deste exercicio, dun inventario de bens polo miúdo e conciliado cos importes que figuran nas contas do inmovilizado."

Entendemos que carecer de inventario actualizado é unha cuestión fundamental; ter unha imaxe fiel do patrimonio municipal é o obxecto das contas anuais.

Carecer desta ferramenta, ten múltiples implicacións para a nosa labor de oposición e defensa de intereses veciñais, e situación na que se ven representadas moitas das cuestións que detallamos a continuación:

Contratos de obras sen recepcionar moito despois do vencemento do prazo de entrega.

As seguintes obras que se describen, foron obxecto de varias peticións de explicacións polo noso grupo. As respostas sempre foron divagacións. Nos dous primeiros casos temos demandado que non se axustaban ao proxectado e mesmo nos consta que hai informes técnicos que nos dan a razón. A acción non debe ser non recibilas e deixalas quedar. As empresas que foran adxudicatarias seguen presentándose a concursos públicos municipais sen que o feito de ter obras pendentes de recepción varios meses, mesmo anos, despois de finalizar a data prescrita nos pregos tivera consecuencia algunha para que o fagan.

Parécenos un feito relevante a nivel contable que debe ser recollido nos documentos da Conta Xeral e non hai mención algunha neles.

C.I.F. P-1503100-H

UCP/ Administrativo Restitución de la ribera del cauce del río Trabe en O Burgo
2016/20 especial (Concello de Culleredo)

Importes de Adjudicación

- Importe total ofertado (sin impuestos)
117.202,94 EUR.
- Importe total ofertado (con impuestos)
141.815,56 EUR.

- Restitución de la ribera del cauce del río Trabe en O Burgo (Concello de Culleredo): Obra licitada en 2016, formalizada en 30/12/2016 con un prazo de execución de 42 días e que non foi recepcionada polo goberno municipal despois de que desde o noso grupo denunciáramos que non se axustaba ao proxecto. Segundo nos teñen respondido en múltiples ocasións, aínda non foi recepcionada nin corrixida ou reclamada a incorrecta execución do proxecto.

UCP/2018/267 Obras Rehabilitación firme en la Urbanización A Ría, 1ª fase

Importes de Adjudicación

- Importe total ofertado (sin impuestos)
68.595,04 EUR.
- Importe total ofertado (con impuestos)
83.000 EUR.

Código do documento	Código do expediente
USG14I02OT	USG/2020/176
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
 4410 1D0X 3K4T 3F1U 13BV	

- Rehabilitación firme en la Urbanización A Ría, 1ª fase: Obra licitada en 2018, formalizada o 4/4/2019, prazo de execución 2 meses. Non foi recepcionada polo goberno municipal despois de que desde o noso grupo denunciáramos que non se axustaba ao proxecto. Segundo nos teñen respostado en múltiples ocasións, aínda non foi recepcionada nin corrixida ou reclamada a incorrecta execución do proxecto.

•

UCP/2018/273 Obras Cubrición Parque das Brañas

Importes de Adjudicación

- Importe total ofertado (sin impuestos)
53.278,85 EUR.
- Importe total ofertado (con impuestos)
64.467,41 EUR.
- Cubrición Parque das Brañas: Obra licitada en 2018, formalizada o 11/4/2019, prazo de execución 6 meses. A día de hoxe segue sen recepcionar.

Feitos posteriores relevantes, como o coñecemento do resultado de

- contencioso pola Praza de Galiza que o goberno municipal perde definitivamente e que nos obriga a uns gastos cuantificados na sentenza a modo de mínimos mentras non se coñeza o importe do proxecto que temos que valorar, licitar, adjudicar e dotar orzamentariamente. Gastos que acenden a $125,080,73+48,951,97+197,925,02= 371.657,02€$ aos que se sumarán os xuros.
- Ou o decreto de **febreiro de 2019 da sección 3ª do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza** dispuxo declarar a firmeza da sentenza 312/2018 e como consecuencia sentenciouse en 49.274,61€ o pago por unha das 5 parcelas do proxecto expropiatorio.
- Ou que o Concello de Culleredo foi **condenado polo Xulgado Contencioso Administrativo nº4 da Coruña, na sentenza 96/2016, a indemnizar** ao demandante o valor de 29.915€ máis un incremento do 25% por dano moral cos xuros legais desde o 25 de xuño de 2003, importe que resulta en 61.579,05€.

Situación de concesións administrativas en proceso de liquidación.

Son coñecidos e significativos os casos de:

- Instalacións deportivas do Monte Costa, coñecidas como A Garrocha, concesión que foi rescatada con acordo plenario pero pendente de liquidación, e nas que unha concesión administrativa que contiña un canon a pagar pola empresa concesionaria de 24,000€ por ano, levaba máis de 10 anos sen pagalo, acumulando unha débeda certificada pola tesoureira municipal de máis de 326,000€ dos que se nos ten indicado que se rescataron 120,000 da garantía, estando pendente de cobro os restantes 200,000€ e SEN LIQUIDAR aínda a día de hoxe cando as instrucións do Xefe de Servizo de Economía e Facenda emitido para o Pleno no que de tratou o rescate da concesión, a primeiros de 2019, eran liquidalo no prazo dun mes, e cando desde a Concellaría de Facenda se nos recoñece que existe un informe do arquitecto que recolle a valoración do deterioro das instalacións, xa emitido para proceder á liquidación.
- Centro Loxístico de Transportes. Coñecido por CLT. Cuxa concesión foi rescatada en 2016 e que a día de hoxe está pendente de liquidar sen ter incorporado ao patrimonio municipal os bens e dereitos que se aprobaron no expediente de rescate da concesión, de forma que seguimos sen poder dispoñer do aparcamento de camiións (que puidera estar devengando perto de 300,000€ anuais de cotas polos servizos), da báscula, ou dos edificios de usos administrativos e recepción de visitantes. Segundo conta a concelleira de Facenda, o obstáculo sería un litixio xudicial do que en todas as ocasións nas que preguntamos, non nos concretou os seus motivos de paralización da toma de posesión das instalacións.

C.I.F. P-1503100-H

Código do documento	Código do expediente
USG14I02OT	USG/2020/176
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
4410 1D0X 3K4T 3F1U 13BV	

Valoración de dereitos municipais que poden estar sendo vulnerados

A situación aberrante de dispoñer de case todos os servizos públicos sen licitación dos servizo por ter caducado hai tempo o contrato que existiu mesmo tendo redactados e publicados os pregos de contratación. Tamén, unha maior amplitude de información respecto vulneración sistemática das normas de contratación pública que se incrementaron desde os máis de 7 millóns en 2018 ata os 8.812.296,10 millóns en 2019 dun total de 12 millóns (o ano de eleccións municipais); vulneración que estaría ao noso modo de ver, supoñendo unha terxiversación de magnitudes como o Período Medio de Pago a provedores, por canto se están pagando facturas que se pasan por cuestións que polo seu propio carácter, son realizadas varios meses antes, como o caso de pagos por servizos para o nadal que se pagan no verán, é dicir que se pagan en canto chegan pero que parece que podería desprenderse que hai acordo previo para o momento da presentación da factura, ou tamén, os dereitos de garantía de obras por non ter depositado a garantía que todo procedemento público require para garantir o bo fin da execución e por tanto a conta de avais en garantía de execución de contratos que só ten un importe no exercicio 2019 de 133,176,74€ cando de terse producido as adxudicación por procedementos legais sería unha cantidade en torno ao medio millón de euros.

Detalle dos reparos de intervención efectuados sobre facturas presentadas sen contrato previo sometido a procedementos de contratación.

Mes tras mes, dase conta de múltiples reparos suspensivos da intervención sobre facturas que non se corresponden con ningún procedemento de contratación. A situación alcanza límites alarmantes ao chegar a case nove millóns de euros dos 12 que se someten a contratación. Dos 131 reparos, 62 deles foron suspensivos. Non se da nos estados contables, un informe exhaustivo dos reparos nin de resolución de discrepancias para o levantamento dos reparos por parte da alcaldía como establece a lei. As alusións sistemáticas dos informes de Intervención e de Secretaría á prohibición de contratación verbal e á prohibición de fraccionar os contratos, son complementadas agora, nos estados contables e de forma agregada, con unha moi baixa licitación de obras e servizos. Polo que ao noso modo de ver, requiriría dunha información máis exhaustiva ao respecto para a súa remisión posterior ao Consello das Contas.

C.I.F. P-1503100-H

Necesidade de informar sobre posibles prescricións de liquidación de impostos:

O que estaba de aquela preparado era unhas “autoliquidacións” con cotas de varias decenas de miles de euros pendentes de notificar. Seica estaba habendo problemas para as notificacións con sociedades en concurso de acreedores. Temos preguntado noutras ocasións polo transcurso dese procedemento de recadación sen que se nos puidera confirmar que foron executados os dereitos de cobro pola recadación dese imposto. Posto que as datas de deivindicación eran en 2015, poderían ter prescrito en 2019, e por tanto sería un feito relevante a destacara nos estados contables para acadar a imaxe fiel do patrimonio que esixe a súa finalidade, e non atopamos entre os documentos referencia algunha.

ICIO correspondente aos expedientes que levou a policía xudicial.

En 2017 axentes da Policía Xudicial levaron 22 expedientes municipais das dependencias do Concello. Ao marxe do devir da cuestión xudicial, desde o BNG solicitamos daquela a revisión dos expedientes e trasladamos polo rexistro escritos reivindicando o cobro do ICIO a obras que se incluían entre eses expedientes de obras que non obtiveran licenza pero que segundo a normativa do ICIO estaban claramente suxeitas ao imposto. Daquela púxose en dúbida por parte do grupo de goberno que tiveramos razón, malia que a normativa do ICIO é ben clara no artigo 1º “*O feito imponible do ICIO está constituído pola realización, dentro do término municipal, de calquera construción, instalación ou obra para a que se esixa a obtención da correspondente licenza urbanística, se tivera obtido ou non a dita licenza, sempre que a súa expedición corresponde ao concello a da imposición*”.

Varios daqueles expedientes eran de varios exercicios anteriores. En particular, un deles tiña un informe que valoraba en 1 millón de euros o investimento da obra (exp 346/2013).

Código do documento	Código do expediente
USG14I02OT	USG/2020/176
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
4410 1D0X 3K4T 3F1U 13BV	

Descoñecemos en que momento prescribiría a acción de liquidar o ICIO ao ser a reivindicación non claramente determinada. Pero por iso entendemos que nos documentos da Conta Xeral é preciso que consten referencias a estes dereitos municipais de cobro, como feitos relevantes para ter unha imaxe fiel do patrimonio municipal.

Por todo o exposto, as omisións que vimos de detallar, constitúen ao noso modo de ver carencias graves nos estados contables que provocan que non reflectan a imaxe fiel do patrimonio como é o seu obxectivo, e por tanto emitimos o noso VOTO PARTICULAR, para **que se modifique o ditame incluíndo todos os puntos mencionados** e mesmo que se desenvolvan polos servizos municipais os seus contidos para completar os estados contables que permitan cumprir o seu obxectivo de dar unha imaxe fiel do patrimonio municipal.

Polo que SOLICITAMOS que se inclúa no ditame este documento.”

Rematada a lectura o sr. Chouciño Garrido di que acaba de ler integramente o voto particular que emitiron na Comisión e di que a cuestión é que non lles chegou ningunha documentación que lles diga que se estima o seu; que lles chegaron varios informes que entenden que foron solicitados polo alcalde e que entenden lles dan a razón en varias das cuestións, pon o exemplo o informe da interventora no que se di “ Si é certo que, tal e como se depende do apartado núm. 4 da Memoria (Normas de Valoración), o concello non dispón á data da aprobación das contas anuais deste exercicio, dun inventario de bens detallado e conciliado cos importes que figuran nas contas do inmovilizado. Neste sentido, sería necesario proceder a solventar esa deficiencia mediante a correspondente contratación o máis pronto posible”. Di que isto ten aparecido máis veces e que ten sido comentado pola propia secretaria xeral na toma de posesión da Corporación no ano 2019 e en maio de 2015; que por outra banda, o xefe de economía tamén emitiu un informe onde aclara “respecto ao inventario municipal non actualizado, e tendo en conta que esta xefatura ten entre as súas funcións “Xestión patrimonial. Administración e defensa do patrimonio municipal”, debe sinalarse que o Concello dispón dun inventario de bens e dereitos, aprobado polo Pleno Municipal que, na medida dos escasos recursos humanos cos que conta este servizo (un único técnico, dous administrativos e un auxiliar administrativo) foron incorporándose ao Inventario Xeral aqueles bens e dereitos sobre os que se ten coñecemento, en ocasións, a través de arduas investigacións.

Non obstante, como reiteradamente se informou verbalmente a alcaldía e aos diversos concelleiros con responsabilidade na materia ao longo dos anos nos que quen subscribe ocupa o posto de xefe deste servizo, sería necesario contar cun apoio externo que permita comprobar que bens e dereitos susceptibles de formar parte do inventario municipal non están incorporados ao mesmo e cales forman parte do mesmo cando xa non deberían de facelo. Ademais diso é necesario establecer un procedemento de comunicación de calquera acto administrativo con repercusións no inventario municipal por aqueles servizos administrativos que o tramiten para os efectos de que o servizo encargado da xestión patrimonial teña coñecemento do mesmo e poida tramitar a correspondente modificación do inventario, sempre e cando se lle dote dos medios humanos e materiais necesarios para elo”.

O sr. Chouciño Garrido continua dicindo que as meras alusións a como está o inventario municipal, a que non se saiba realmente de que é dono e de que non é dono o Concello de Culleredo xa xustifican por si só o voto particular do BNG; que é imprescindible saber o que se ten e cre que eso forma parte do interese patrimonial de calquera persoa física e de calquera persoa xurídica e do Concello de Culleredo ao que representa toda a corporación con maior motivo; que os responsables son os membros do goberno municipal e que a responsabilidade do BNG é dicilo e que lles parecía que o momento oportuno era na Conta Xeral; que descoñecen se están sendo ortodoxos de todo ou non pero que en calquera caso cre que valeu a pena; fala de que existen obras sen recepcionar moito tempo despois do vencemento do prazo de entrega, a restitución da ribeira do Río Trabe da que avisaron múltiples veces, do firme da urbanización a Ría ao que tamén aludiron múltiples veces e non se axustaba ao proxecto, ou a cubrición do Parque das Brañas, que xa dixeran anteriormente como acabara; que consta tamén un informe do propio concelleiro delegado de obras, medio ambiente e servizos que di por escrito que a restitución da ribeira do Río Trabe é unha obra que está “executada e certificada, e consta dunha acta de recepción asinada en data 28 de maio de 2018, acta na que a interventora fai constar a non conformidade coa recepción desta obra”; respecto da obra de rehabilitación do firme na Urbanización A Ría, que se corresponde co expediente 598/2017, e esta obra está

Código do documento	Código do expediente
USG14I02OT	USG/2020/176
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
4410 1D0X 3K4T 3F1U 13BV	

executada e certificada, segundo informe do concelleiro, e que non se recibira debido ao reparo emitido pola interventora, e dicir, que lles aclaran que a anterior está recibida cun informe en contra e que non o entenden porque cando non se está de acordo hai que dicilo para que se arranxen as cousas que non están ben, e por último, respecto á cubrición do parque das Brañas, o informe do concelleiro di que a obra non se recibiu debido a que “previa á súa recepción percíbense problemas nun dos ancoraxes da estrutura, feito reafirmado pola empresa contratista que achega fotografías dos danos polo que o director da obra solicita informe ao proxectista sobre se os danos observados son compatibles cos cálculos estruturais”; di que eles teñen preguntado por esta obra moito antes de que rompera, e que actualmente estes danos conlevaron o desprendemento.

Segue a dicir que no seu voto particular tamén falan de aspectos relevantes como a sentenza da Praza de Galicia ou a sentenza do Centro Loxístico ou a concesión da Garrocha; que neste punto viu o informe do xefe de facenda no que se pronunciaba no orzamento e viu que ten unha novidade no segundo informe xa que o xefe de facenda emitiu un informe ás nove da mañá e outro á unha da tarde do mesmo día que fala das novidades derivadas dunha sentenza que se acababa de coñecer ditada polo Xulgado do Contencioso Administrativo número 2 de A Coruña a instancia de Obralar SLU, que está en liquidación, contra o acordo adoptado polo Pleno do Concello do 30/03/2017 relativo á liquidación do contrato de construción e explotación do CLT, que revoga o mesmo e ordena que se proceda a unha nova liquidación conforme á valoración do edificio administrativo e aos locais destinados en edificio a cafetería restaurante a acollida de tripulacións (vestiarios, duchas, sala de esparcemento e reunión), aparcadoiro de vehículos pesados, báscula pública, atendendo aos valores do IBM e nos bens incorporados ao mesmo así como tamén algúns conceptos referidos á obra non executada ou deficientemente executada cos gastos de conservación non realizados pero referido sempre aos bens obxecto de reversión; di que hai que lembrar que a concelleira de facenda e patrimonio dixo o mes anterior que non recorreran aínda a sentenza e que o que si que apelou foi a outra parte polo que o importe da reclamación que se lle recoñeceu xa o tería gañado en base a doutrina que non cabe a “reformatio in peius” segundo o latinaxo habitual en dereito; que piden que lles digan canto é porque eles non o viron aínda, pero non se prevé que sexa pouco; que tamén queren informar sobre as posibles prescricións de liquidacións de impostos, sobre a transmisión de parcelas e o ICIO correspondente aos expedientes que levou a policía xudicial e que todas estas cuestións lles parecen feitos relevantes e tal e como din no seu voto particular non lles parece que a imaxe fiel do patrimonio municipal estea conclusa sen que caiban todas estas cousas por iso defende no Pleno Municipal e lles pide o voto a favor para que se inclúan todas estas cuestións.

C.I.F. P-1503100-H

A continuación solicita o uso da palabra a sra. Pombo Carril quen, unha vez concedido di que lle quere matizar ao sr. Chouciño, en primeiro lugar, que o voto particular é da persoa que o presenta e non do grupo político e que polo tanto o voto particular é do Sr. Enrique Antonio Chouciño Garrido non do BNG; que quere dicirle tamén que o punto que se trae hoxe a votación é a aprobación da Conta Xeral correspondente ao exercicio 2019 e que a Conta Xeral é a fiel imaxe dun resultado contable e que lle corresponde á intervención municipal realizar dita conta segundo os criterios contables legalmente establecidos e dese xeito, utilizando as palabras da propia interventora no seu informe “la cuenta general se ha formado pola Intervención General con base en la información contable. Todos los aspectos pertinentes relativos a la misma han sido objeto del informe que la acompaña. No es objeto de la Cuenta General ni de su informe la valoración de aspectos que no se derivan de la información contable”. Continúa a súa intervención e di que se lle achegan informes con respecto ao seu voto particular que non son preceptivos, que se achegan por transparencia e neses informes enténdese que os aspectos aos que o sr. Chouciño fai referencia no seu voto particular non forman parte da Conta Xeral; que esta conta xeral fórmase non por criterios políticos, senón en base a criterios contables legalmente establecidos e regulados nos artigos 212 e 223.2 do Texto refundido da Lei das facendas locais, non é un documento político e de xeito moi resumido poderían dicir que se trata dun conxunto de documentos e estados que as administracións locais deben elaborar unha vez finalizado o exercicio orzamentario para informar economicamente da situacións dos bens e dereitos da entidade a finais de ano; trátase dun resultado contable que confirma a boa saúde financeira do Concello de Culleredo neste ano 2019, non é obxecto de aprobación os asuntos que o sr. Chouciño Garrido formula no seu voto particular e lle adianta que non o van apoiar.

Código do documento	Código do expediente
USG14I02OT	USG/2020/176
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
4410 1D0X 3K4T 3F1U 13BV	

O Sr. Chouciño Garrido solicita novamente o usa da palabra, e unha vez concedido, di que se o Concello de Culleredo cotizara en bolsa o mercado onde cotizara estaría abrindo un expediente por non ter incluídos os feitos relevantes para facerse unha imaxe do patrimonio municipal ao seu entender; que falan de que se están a omitir liquidacións de impostos, das que están dando toda a información e das que se lles acaba por dar a razón; que hai que remitirse aos informes do xefe de facenda e a tesoureira respecto do ICIO onde din que as obras que carecen de licenza, se se ten coñecemento delas procede liquidarlles ICIO; que hai que lembrar que no 2016 a persoa que tiña a concellería de urbanismo naquel momento, o sr. Taibo Monelos, dicía que dubidaba de que se puidera repercutir o ICIO a obras que non tiñan licenza e agora hai dous informes que din que sí; que hai un tempo perdido desde aquel momento ata hoxe onde non están repercutindo ICIO, o imposto de construcións, instalacións e obras, un imposto polo que cando se reforma a cociña da nosa casa temos que pagar unha porcentaxe do presuposto da obra, pois resulta que os que non piden licenza e reforman un caserón e lle meten un millón de euros de investimento sen licenza resulta que nin o pagan nin se lles esixe e ao BNG, eso lle parece gravísimo e parécelles que debe figurar e por iso o dixeron, e que poden estar equivocados pero lles pareceu relevante dicilo. Reitera que aparece na conta xeral e que hai dous informes que lles dan a razón, que non se está liquidando o ICIO ás obras que carecen de licenza cando se debería facer; di que todas estas cuestións deixan información para traballar no futuro e agradecen aos funcionarios que emitiron eses informes e mesmo ao concelleiro de obras e servizos o seu informe porque lles aclararon as cousas que levaban tempo preguntando e non se lles aclaraban e que cre que xa so coa mención e recoñecemento da cuestión do inventario xa é suficiente pero todas as outras cuestións cren que deberían figurar pero que non obstante valeu a pena presentar o voto particular pola emisión dos informes.

A continuación intervén o sr. alcalde e di que lle agradece ao sr Chouciño Garrido e que se alegra de que esté satisfeito co seu voto particular porque non tendo nada que ver en absoluto coa conta xeral, só o feito de que esté satisfeito lles alegra.

De seguido o sr. alcalde somete a votación ordinaria o voto particular presentado polo Sr. Chouciño Garrido obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: 9 (nove) dos sres/as: Chouciño Garrido, Pérez Mosquera, Méndez Mosquera, García Gorostizu, Rico Vereá, Prieto García, Ferreiro Varela, Mourelle Botana e Marzoa García.

Votos en contra: 12 (doce) dos sres/as: Rioboo Castro, Pombo Carril, Figueroa Fuentes, Iglesias Lovelle, Iglesias Becerra, Suárez García, Méndez Sánchez, Iglesias Gómez, López Díaz, Liñares Gestal, Amor Fernández e Seijas González.

Á vista do resultado da votación declárase non aprobado o voto particular.

A continuación o sr. alcalde somete a votación ordinaria a aprobación da Conta Xeral do Concello de Culleredo correspondente ao exercicio 2019 obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: 12 (doce) dos sres/as: Rioboo Castro, Pombo Carril, Figueroa Fuentes, Iglesias Lovelle, Iglesias Becerra, Suárez García, Méndez Sánchez, Iglesias Gómez, López Díaz, Liñares Gestal, Amor Fernández e Seijas González.

Votos en contra: 6 (seis) dos sres/as: Chouciño Garrido, Pérez Mosquera, Méndez Mosquera, Ferreiro Varela, Mourelle Botana e Marzoa García.

Abstencións: 3 (tres) dos sres/as: García Gorostizu, Rico Vereá e Prieto García.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a Conta Xeral do Concello de Culleredo correspondente ao exercicio 2019.

Código do documento	Código do expediente
USG14I02OT	USG/2020/176
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
4410 1D0X 3K4T 3F1U 13BV	

3.- PREVIA RATIFICACIÓN DA SÚA INCLUSIÓN NA ORDE DO DÍA, MOCIÓN DO GRUPO POLÍTICO POPULAR RELATIVA A SOLICITUDE DUN PLAN DE ACCESIBILIDADE AOS PABELLÓNS.

A Presidencia, ao amparo do disposto no artigo 85.2 do Regulamento orgánico municipal (BOP nº 162, do 16/7/2004), e de conformidade coas prescricións do artigo 71.3 do ROM, somete á ratificación do pleno a inclusión na orde do día por razóns de urxencia, da moción do grupo político popular presentada no rexistro xeral o 20 de novembro de 2020 (rexistro número 9447), relativa ao asunto epigrafiado, que é ratificada por unanimidade.

De seguido, somete a debate e votación do Pleno a citada moción, que literalmente di:

“MOCION QUE PRESENTA EL GRUPO POPULAR DE CULLEREDO INSTANDO AL CONCELLO DE CULLEREDO A UN PLAN DE ACCESIBILIDAD A LOS PABELLONES DEL CONCELLO.

El Grupo Municipal Popular de Culleredo, conforme a lo previsto en el artículo 97 del Reglamento de Organización, Funcionamiento y Régimen Jurídico de las Entidades Locales, desea elevar al Pleno Municipal la siguiente

MOCIÓN:

Actualmente en el municipio contamos con cinco Pabellones Deportivos que no cumplen con la normativa vigente en materia de accesibilidad a espacios públicos.

El Pabellon del Sofia Casanova tiene los baños en el piso inferior, a pie de pista, cuando sería necesario en la misma cota de entrada. Tampoco tiene buena visibilidad debido a los pilares en el graderío que la obstaculizan. Tampoco dispone de zona accesible y apta para espectadores en silla de ruedas en el graderío.

La entrada al Pabellón del Isaac Diaz Pardo es a través de unas escaleras por el exterior del edificio, incumpliendo también la normativa.

En los Pabellones de Tarrío y Almeiras hay peldaños que subir y bajar y no hay ubicación para sillas de ruedas. En el de Almeiras tampoco es independiente el graderío.

En el Pabellón del Ría do Burgo el graderío tampoco es independiente de la pista y el acceso es a través de la pista.

EN general, no se disponen de accesos y plazas de aparcamiento para personas con movilidad reducida y una vez accedido al interior de los recintos y en calidad de espectadores, no se dispone de unas localidades o espacios reservados para tal cometido en los graderíos, ni tan siquiera un acceso destinado ni adaptado para su uso por parte de citado colectivo.

Hemos tenido en cuenta al CSD (Centro Superior de Deportes) dependiente del Ministerio de Cultura y Deporte, que entre otros, indica en su Apartado Instalaciones Deportivas-Salas y Pabellones sus Condiciones de Diseño. Características y Funcionalidad de Salas y Pabellones punto 7.14.- Espacios para espectadores que:

- La pista polideportiva debe quedar de forma no accesible para los espectadores, mediante barandillas, diferencias de nivel u otros elementos que no impidan la visibilidad.
- El graderío debe disponer de una zona accesible y apta para espectadores en silla de ruedas, reservándose 1 plaza/200 espectadores y como mínimo dos. Para llegar hasta esa zona de graderío, el aseo adaptado, las zonas de vestíbulo, la cafetería, existirá un itinerario accesible, salvando las diferencias de nivel mediante rampas, ascensores y con un recorrido no mayor a tres veces el itinerario general.

Código do documento	Código do expediente
USG14I02OT	USG/2020/176
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
4410 1D0X 3K4T 3F1U 13BV	

- Se dispondrá de un sistema de megafonía para transmisión de mensajes para el uso normal, la competición para seguridad, en caso de emergencia, etc.

Desde el Partido Popular creemos y defendemos que todas las personas tienen el derecho a un entorno totalmente accesible en los propios aspectos de la vida cotidiana y que nos rodea, bien sean físicos, arquitectónicos, urbanísticos, intelectuales, sociales, deportivos, etc..., por lo que desde las distintas instituciones políticas y sociales debemos aunar esfuerzos en pro de conseguir la plena Accesibilidad Universal para las personas con diversos tipos de capacidades físicas o cognitivas aumentando así, la propia autonomía personal y mejorando su calidad de vida.

Por todo lo anteriormente expuesto, el Grupo Municipal del Partido Popular presenta al Pleno del Concello de Culleredo las siguientes:

PROPUESTAS DE ACUERDO

PRIMERO.- Que el concello de Culleredo, a través de los Departamentos Técnicos municipales correspondientes, realice un estudio técnico-económico del estado de situación de los Pabellones Deportivos en lo concerniente al acceso y acomodo de los espectadores con movilidad reducida, así como de los demás elementos de y para su seguridad en las gradas y recintos.

SEGUNDO.- Que el concello de Culleredo, una vez disponga de dicho estudio técnico-económico en base a las deficiencias, necesidades y soluciones aportadas, proceda a acometer tales actuaciones para que todos los Pabellones Deportivos se adecuen a la "Accesibilidad Universal", habilitando para ello en la partida económica presupuestaria correspondiente, crédito necesario en los Presupuestos Municipales 2021."

Iniciada a quenda de intervencións solicita o uso da palabra a voceira do grupo político popular, Sra. García Gorostizu quen, unha vez concedido, procede á lectura da moción presentada.

A continuación solicita o uso da palabra a voceira do grupo político PSdeG-PSOE, Sra. Pombo Carril quen, unha vez concedido, di que comparten o interese do grupo político popular pola promoción da mellora do acceso ás instalacións de todo tipo e por suposto tamén ás deportivas e que a accesibilidade, esa característica que se engloba dentro da contorna, permite ás persoas con distintas capacidades desenvolver unha acción coa máxima autonomía persoal, adiantando que o seu grupo vai apoiar esta moción porque desde o Concello xa se está a traballar no estudo das instalacións municipais e da accesibilidade das mesmas co fin de acometer as reformas que tecnicamente se aconsellen para garantir unha plena accesibilidade acorde sempre coas normativas sobre instalacións deportivas e para o esparcemento, as normas NIDE, elaboradas polo Consello Superior de Deporte, que unifican e establecen as condicións mínimas de accesibilidade dentro das diferentes instalacións deportivas.

Rematadas as intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a moción do grupo político popular, resultando aprobada por unanimidade polo que devén en acordo nos termos transcritos.

4.- PREVIA RATIFICACIÓN DA SÚA INCLUSIÓN NA ORDE DO DÍA, MOCIÓN DO GRUPO POLÍTICO BNG RELATIVA A SOLICITUDE DUN TRANSPORTE PÚBLICO SEGURO.

A Presidencia, ao amparo do disposto no artigo 85.2 do Regulamento orgánico municipal (BOP nº 162, do 16/7/2004), e de conformidade coas prescricións do artigo 71.3 do ROM, somete á ratificación do pleno a inclusión na orde do día por razóns de urxencia, da moción do grupo político BNG, de data vinte de novembro de dous mil vinte, relativa ao asunto epigrafiado, que é ratificada por unanimidade.

De seguido, somete a debate e votación do Pleno a citada moción, que literalmente di:

Código do documento	Código do expediente
USG14I02OT	USG/2020/176
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
4410 1D0X 3K4T 3F1U 13BV	

“O Grupo Municipal do BNG achega, para o seu debate plenario e aprobación, se proceder, a seguinte proposta de moción para lograr a “Reducción ao 50% da ocupación das prazas do transporte colectivo”.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O transporte colectivo xoga un papel crucial no desenvolvemento da vida do conxunto da poboación galega, con especial incidencia en concellos que, coma o noso, están ubicados na contorna dunha área metropolitana e presentan características rururbanas no tocante ao asentamento e distribución territorial da poboación.

Xa sexa para estudar, para ir ao centro de traballo ou para levar ao cabo actividades cotiás que van do lecer ao consumo, da sanidade ao deporte... unha grande parte da nosa veciñanza recorre ao transporte público colectivo en formas diversas, primando no noso caso en grande medida, o uso do bus sobre o do tren. Neste contexto de pandemia é preciso garantir a seguridade das persoas atendendo ás normas sanitarias co fin de frear os contaxios e a expansión do virus da COVID-19 no noso país. Foron moitas as medidas restrictivas adoptadas polo goberno da Xunta de Galiza e do estado español, sendo as últimas, as do confinamento de até 60 concellos do noso país, o peche da hostalaría nestes concellos e a imposición do toque de recoller de 23h a 06h en todo o territorio galego.

Estas medidas poñen o foco do contaxio nas actividades sociais relacionadas ao consumo nos locais de hostalaría e nas reunións familiares e de amizade en domicilios particulares, mais vemos como onde hai máis contacto entre persoas e onde máis se vulneran as condicións de seguranza sanitaria é nos centros de traballo, nos centros de ensino e no transporte colectivo. Dende o comezo desta segunda onda da pandemia observamos un transporte colectivo masificado, ategado de xente nas horas puntas sen que o goberno galego (administración con competencias efectivas na materia) tomase medidas ao respecto, co fin de garantir unha baixada das ratios de ocupación no transporte.

Casos concretos hainos, todos os días en numerosas franxas horarias, no noso termo municipal. Moitas foron as protestas das usuarias destes servizos que ven vulnerada a súa seguridade e saúde e é responsabilidade do goberno da Xunta de Galiza poñer ás persoas e á súa saúde no centro das medidas e das políticas sanitarias. Lonxe de tomar medidas que reforcen a seguridade sanitaria, a Xunta de Galiza decide permitir a ocupación da totalidade das prazas no transporte colectivo, afondando aínda máis no risco que supón tomar este tipo de medidas en ámbitos fundamentais para o desenvolvemento da vida cotiá das persoas.

Faino ademáis, logo de que durante uns días, a ocupación estivese acoutada a un 50% das prazas sentadas, medida en principio máis lóxica. Parece claro que o interese económico privativo de determinadas empresas, concesionarias dun servizo público, prima para o goberno de Galiza sobre a defensa da saúde nun contexto tan complicado como o da pandemia que estamos a padecer.

O Concello é a administración máis próxima á cidadanía, a primeira porta na que petan persoas, na súa maioría clase traballadora, estudantado e xentes de idade avanzada que teñen no transporte público colectivo unha ferramenta indispensable para levar adiante as súas vidas. Non podemos permanecer impasíbeis fronte a aplicación dunhas medidas que atentan contra algo tan básico e elemental coma o dereito á saúde.

É por todo o anteriormente exposto que propoñemos ao pleno da corporación a seguinte proposta de ACORDO:

- 1.- Instar á Xunta de Galiza á garantir que os autobuses que prestan servizos supramunicipais teñan unha ocupación non superior ao 50% da súa capacidade en prazas sentadas habitual.
- 2.- Instar á Xunta de Galiza a negociar coas empresas concesionarias os necesarios aumentos de autobuses para satisfacer a demanda baixo as condicións anteriormente expostas.

Código do documento	Código do expediente
USG14I02OT	USG/2020/176
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
4410 1D0X 3K4T 3F1U 13BV	

3.- Instar á Xunta de Galiza a acometer unha mellora urxente da capacidade e superficie de determinadas paradas de autobus co obxecto de, antes de chegar o inverno, garantir unha maior distancia a cuberto entre as persoas usuarias do transporte público.

4.- Garantir, como concello, que o bus intramunicipal circule como máximo a un 50% da súa capacidade e debidamente ventilado, dispoñendo en todo momento de xel desinfectante a disposición do público usuario.“

Iniciada a quenda de intervencións solicita o uso da palabra o concelleiro do grupo político do BNG, Sr. Méndez Mosquera quen, unha vez concedido, procede á lectura da moción presentada.

A continuación solicita o uso da palabra a voceira do grupo político popular, Sra. García Gorostizu quen, unha vez concedido, di que as normas relativas á ocupación do transporte público, competencia da Comunidade Autónoma, son establecidas pola Consellería de Sanidade como autoridade competente e o criterio que impera é sanitario, sendo as autoridades sanitarias as que elaboraron as medidas preventivas no transporte público de acordo coa evolución da situación sanitaria e das limitacións ditas para facerlle fronte, estando actualmente en vigor unha ocupación máxima do 60% das prazas de pé dos autobuses de transporte colectivo competencia da Comunidade Autónoma; que esta norma adaptouse entre outras razóns para facilitar a trazabilidade e o coñecemento das persoas que van no autobús; que o transporte público por estrada en Galicia conta cun estricto protocolo de medidas de seguridade desde o primeiro momento da pandemia, estando obrigados a unha boa ventilación, ao uso obrigado de máscara e xel desinfectante, ao pagamento prioritario con tarxeta, recomendación de uso de prazas contiguas para persoas convivintes, prohibición expresa de comer nos vehículos e coa recomendación de non beber nin falar, sendo todas estas normas as que demostran que é posible garantir unha mobilidade segura no transporte público; di que ademais ese protocolo é máis estricto no caso de autobuses compartidos nos que se reservan as prazas dianteiras para os maiores por ser máis ventiladas e se establecen pautas de subida e baixada destinadas a reducir a posibilidade de contacto; di que o BNG fala de ratios de ocupación do mesmo xeito que falaban de reducir ratios nas escolas e di que o que se viu neste inicio de curso é que os protocolos que se empregan en educación son seguros e que os contaxios non se transmiten dentro da escola e se un neno está contaxiado non hai transmisión dentro da clase, pasando o mesmo co transporte urbano e pon o exemplo do colexio de Carballo, onde houbo corenta alumnos contaxiados, e di que se fixo un cribado a todos os alumnos e que non houbo contaxio dentro da aula senón que todos os contaxios viñan do exterior; di que datos que lle pasaron de estudos realizados aseguran que o risco de contaxio se sitúa entre o 0,005 por cento e o 1 por cento nun informe no que se ten en conta o uso obrigatorio da máscara, as desinfeccións intensivas, a renovación do aire nos vehículos e unha baixa interacción social, e que estos datos non son só aquí senón que en París, en Nova York, en Tokio todos os estudos estatísticos que se publicaron demostraron que o risco de contaxio no transporte público é inferior ao 1 por cento polo que consideran que esta redución ao 50 por cento non está xustificada porque non é o mesmo ir no autobús que estar nun restaurante con amigos porque a interacción social é distinta xa que no autobús os pasaxeiros non adoitan falar entre eles liberando menos aerosoles ou gotas e tampouco pasan tanto tempo no mesmo sitio e o uso da máscara é obrigatoria.

C.I.F. P-1503100-H

Continúa a súa intervención a Sra. García Gorostizu e di que un segundo estudo que se realizou para fixar os principais focos de contaxio durante a pandemia revela que é o ocio nocturno, os ximnasios, bares e restaurantes os que provocan un maior número de novos infectados, e que dende o punto de vista epidemiolóxico demonizouse o transporte público porque só se fixaron nun dos aspectos da transmisión que hai que é a distancia de seguridade pero que se ve que non é o único importante e especialistas en medicina preventiva resaltan que é a combinación de múltiples factores os que inciden no risco e que, ademais do distanciamento, inflúen o uso das máscaras, a interacción con outras persoas, o tempo de exposición e a ventilación; di que se observa como o uso da máscara reduce o risco á baixa salvo que o tempo de exposición sexa prolongado e de xeito oposto se non hai máscara o risco pasa a ser alto ao marxe das variables e que non é igual utilizar o transporte público agora en novembro que en marzo cando non se sabían todas estas cousas; di que agora polo que se sabe ningún destes brotes que están

Código do documento	Código do expediente
USG14I02OT	USG/2020/176
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
4410 1D0X 3K4T 3F1U 13BV	

aparecendo se produciu no transporte público porque ademais se esto fora unha fonte de contaxio permitir o seu uso sería unha temeridade e inclusive un delito.

A continuación solicita o uso da palabra a sra. Pombo Carril quen, unha vez concedido di que o seu grupo súmase á preocupación do grupo político do BNG a nivel sanitario e di que toda acción que neste momento vaia destinada a reducir o risco de contaxio súmase á loita contra a pandemia que se está a sufrir; di que constantemente fan referencia e salientan a necesidade de manter as distancias o que non debería supoñer unha excepción para o transporte colectivo xa que estes medios de transporte deberían garantir a seguridade de todos facilitando o mantemento das distancias requeridas e das medidas hixiénicas que se establecen; di que estas limitacións no aforo poderían supoñer tamén a necesidade de aumentar frecuencias e que coinciden na necesidade de establecer métodos que faciliten o incremento para a demanda que se puidera producir e que, polo tanto, apoiarán esta moción resaltando a necesidade de establecer maiores frecuencias e liñas de transporte urbano por parte da Comunidade Autónoma.

A continuación solicita o uso da palabra o sr. Méndez Mosquera quen, unha vez concedido di que lle gustaría responder á exposición da sra. García Gorostizu e lle di que non están a falar de modificacións entre o mes de marzo, cando di que non tiñan tanta información sobre o virus, e o mes de novembro, senón que están falando de cambios entre o 4 de novembro e o 9 de novembro polo que, se lle di que os responsables deste tipo de decisións as toman en base a informacións e estudos epidemiolóxicos, pide que lle diga por favor cal é a motivación da autoridade competente para pasar dun aforo do 50 por cento o 4 de novembro a permitir o uso de todas as prazas do transporte público cinco días despois, o 9 de novembro, e cales foron os cambios durante eses cinco días na situación epidemiolóxica do país para facer ese cambio; di que ao grupo político popular tamén lle encanta facer unha visión non só nacionalista senón tamén internacionalista sobre a xestión da pandemia citando cidades coma Nova York por exemplo e extrapolando este debate á situación sanitaria dos colexios, engadindo que en Nova York as escolas están pechadas e toda a información que deu a sra. García Gorostizu sobre os estudos e os rastrexos de como se localizan e de onde veñen os contaxios nas escolas, estaría ben que incluíse na súa información o número de rastrexadores que hai no país para que lles dea esa cifra xa que as autoridades competentes non son quen de dala e poidan aclaralas por fin; di que non se fala de demonizar en ningún momento o transporte público senón ao revés, falan de reforzalo con seguridade e o que parece é que o partido popular está demonizando outros sectores que se ven nun peche forzado nestes momentos e que estaban supeditados a unha supervisión continua e unhas regras moi claras e en ningún momento se revisou se as cumprían ou non simplemente se decidiu pechar e sacrificar algúns sectores mentres que noutros como o transporte en cinco días se cambian as decisións baseadas en informes epidemiolóxicos para que non se vexan perxudicados os seus ingresos e as súas contas de resultados; di que agradecen que reflexionen sobre esta situación e agardan poder contar co seu apoio a esta moción.

A continuación solicita novamente o uso da palabra a sra García Gorostizu quen, unha vez concedido, di que como xa dixo o criterio que impera é o sanitario e que como dixo non só é a distancia de seguridade o que inflúe nas posibilidades ou non de contaxio, é que se dan unhas características que demostran que o transporte en autobús é seguro nesas condicións e polo tanto non habería que modificar nada; pregúntalle ao Sr. Méndez Mosquera en que se basa para pedir que se reduzan as prazas, que estudos ten nos que se digan que nos autobuses de transporte público hai contaxios.

Solicita de novo o uso da palabra o Sr. Méndez Mosquera e, unha vez concedido, pregúntalle á Sra. García Gorostizu con qué estudos conta a autoridade competente para modificar en cinco días, do 4 de novembro ao 9 de novembro, a aplicación dunha restricción de aforo ao 50 por cento, di que segue esperando a que lle digan qué estudo epidemiolóxico motiva ese cambio; di que están nunha situación de transmisión comunitaria na que non se pode coñecer a orixe exacta da transmisión do virus e lle pide que deixe de xustificar unha situación que evidentemente non ten razón de ser, un cambio nun criterio básico e fundamental sin razón de ser e que evidencia que o número de contaxios segue en aumento e polo tanto tomar unha decisión de aumentar o aforo do transporte

Código do documento	Código do expediente
USG14I02OT	USG/2020/176
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
4410 1D0X 3K4T 3F1U 13BV	

comunitario do 50 por cento ao 100 por cento das prazas non ten sentido en ningún momento e menos aínda neste momento de transmisión comunitaria no que segue aumentando o número de falecidos e de contaxios e pide que non se lle fale de estudos cando as evidencias e o sentido común falan por si mesmos.

A continuación a Presidencia somete a votación ordinaria a moción do grupo político BNG, de data 20 de novembro de 2020, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: 18 (dezaioito), dos sres/as: Rioboo Castro, Pombo Carril, Figueroa Fuentes, Iglesias Lovelle, Iglesias Becerra, Suárez García, Méndez Sánchez, Iglesias Gómez, López Díaz, Liñares Gestal, Amor Fernández, Seijas González, Chouciño Garrido, Pérez Mosquera, Méndez Mosquera, Ferreiro Varela, Mourelle Botana e Marzoa García.

Votos en contra: 3 (tres) dos sres/as: García Gorostizu, Rico Vereá e Prieto García.

Abstencións: ningunha

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a moción polo que devén en acordo nos termos transcritos.

5.- PREVIA RATIFICACIÓN DA SÚA INCLUSIÓN NA ORDE DO DÍA, MOCIÓN DO GRUPO POLÍTICO BNG RELATIVA A DEPURACIÓN DE RESPONSABILIDADES POLA XESTIÓN DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DO MONTE COSTA COÑECIDAS COMO A GARROCHA.

C.I.F. P-1503100-H

A Presidencia, ao amparo do disposto no artigo 85.2 do Regulamento orgánico municipal (BOP nº 162, do 16/7/2004), e de conformidade coas prescricións do artigo 71.3 do ROM, somete á ratificación do pleno a inclusión na orde do día por razóns de urxencia, da moción do grupo político BNG, de data vinte de novembro de dous mil vinte, relativa ao asunto epigrafiado, que é ratificada por unanimidade.

De seguido, somete a debate e votación do Pleno a citada moción, que literalmente di:

“O Grupo Municipal do BNG achega, para o seu debate plenario e aprobación, se proceder, a seguinte proposta de moción para que o Concello de Culleredo defenda os seus intereses e se presente como acusación particular na instrución xudicial da denuncia da Garrocha.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O concello de Culleredo é propietario das instalacións deportivas do Monte Costa, que están instaladas en terreos propiedade da Deputación da Coruña. A situación é na parroquia de Culleredo, Estas instalacións deportivas foron asignadas en réxime de concesión administrativa á empresa “Club de campo As Mariñas” en documento formalizado en 2003 Nesta concesión, o prego de condicións administrativas comprometía á varias obrigas, entre elas:

1. Pago do Canon anual de 12.020,24€ anuais os primeiros 5 anos e de 24.040,48€ anuais os restantes.
2. Abonar ao concello unha participación en beneficios do 3% anual os primeiros 5 anos , do 10% anual os 5 anos seguintes e do 8% anual os restantes.
3. mantemento, limpeza e vixilancia das instalacións coas especificacións determinadas no contrato.

Código do documento	Código do expediente
USG14I02OT	USG/2020/176
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
4410 1D0X 3K4T 3F1U 13BV	

4. Xestión integral do Complexo Deportivo, que comprende: piscina, edificio social, naves con todas as instalacións e o aparcamento, así como as instalacións de carácter deportivo, cultural, recreativo e/ou turístico incluídas na súa oferta e explotación da cafetería e/ou restaurante.

Despois de moitas reclamacións do BNG, produciuse un rescate da concesión, procedemento no que soubemos polos informes dos técnicos municipais que houbo perdas económicas por falla de cobro do canon de 326.000€ dos que o aval só cubriu 120.000. E falla por saber case dous anos despois canto hai que sumar das perdas producidas entre outras, polo deterioro das instalacións, posto que malia as reclamacións continuadas do BNG, non se procedeu a practicar a liquidación obrigatoria por Lei para calculalo e proceder a reclamalo á concesionaria.

Segundo o comentado pola Concelleira de Contratación e Facenda, xa hai tempo que se dispón dun informe de valoración pero inexplicablemente pediuse outro. Desde hai algún tempo tamén se dispón dese outro pero nin así se trae a Pleno a liquidación, necesaria para defender os intereses patrimoniais do Concello de Culleredo.

As indicacións daquela, do Xefe de Servizo de Economía e Facenda, era que debería procederse a practicar a liquidación no prazo dun mes. Levamos 18 meses sen que se fixera.

No propio informe conxunto da Secretaría e Interventora (COVE 2M07 5B3M 7369 041L 078Y) cando se procedeu ao rescate da concesión, indicaba:

Cómpre advertir que dos datos que arroxa o expediente , alomenos esta causa de resolución do contrato (o impago do canon), existe dende o ano 2007 e consta acreditado o incumprimento co informe da Sra. Tesoureira municipal de data 17 de febreiro de 2012, sen que durante todo este tempo se procedese á resolución do contrato, polo que, a xuízo das que subscriben, procede a depuración das posibles responsabilidades contraídas.. Non facelo, é actuar contra os intereses Municipais, contra o ordenamento xurídico e contra as indicacións das técnicas municipais.

C.I.F. P-1503100-H

En Marzo de 2019, o BNG xa presentou unha proposta de depuración de responsabilidades que foi rexeitada polo Pleno da corporación daquel entón.

Agora queremos dar a oportunidade aos membros desta corporación actual para que teñan a oportunidade de esixir a defensa do interese municipal.

É por todo o anteriormente exposto que propoñemos ao pleno da corporación, no exercicio das súas competencias, a seguinte **proposta de ACORDO:**

1. Incoar expediente de Depuración de responsabilidades polas perdas debido á nefasta xestión da Concesión das instalacións deportivas do Monte Costa coñecido como A Garrocha.”

Iniciada a quenda de intervencións solicita o uso da palabra o voceiro do grupo político BNG, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, procede á lectura da moción presentada.

A continuación fai uso da palabra o Sr. alcalde-presidente e ofrécelle ao Sr. Chouciño Garrido que, dada a similitude das mocións presentadas nos puntos números cinco e seis da orde do día, se faga no punto número cinco un único debate referido ás dúas mocións independentemente de que se voten individualmente cada unha dentro do seu punto.

Código do documento	Código do expediente
USG14I02OT	USG/2020/176
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
4410 1D0X 3K4T 3F1U 13BV	

Seguidamente o Sr. Chouciño Garrido intervén e di que está de acordo co proposto polo Sr. alcalde-presidente.

Continúa a súa intervención o Sr. Chouciño Garrido e di que no punto número 6, cuxa moción está baseada na mesma exposición de motivos, esténdese un pouco máis para indicar a denuncia da Fiscalía ante o Xulgado e propón "Que o Concello de Culleredo presente denuncia como acusación particular na instrución xudicial iniciada a raíz da denuncia interposta pola Fiscalía diante do xulgado de garda de A Coruña"; que neste momento só a Fiscalía está actuando para defender os intereses públicos, entendendo que o interese do Concello de Culleredo como entidade xurídica ten que ser defendido polos membros da Corporación municipal e ese é o motivo polo que considera que procede que haxa unha acción particular para esclarecer estes feitos.

De seguido solicita o uso da palabra o concelleiro do grupo político popular, Sr. Prieto García quen, unha vez concedido, di que en primeiro lugar quere felicitar ao Sr. alcalde pois conseguiu que toda a oposición, os tres partidos que a conforman, en todos os temas referentes á xestión do Sr. alcalde, leven un fío relativamente común, e recorda as palabras do Sr. alcalde dirixíndose ao Sr. Prieto García, para dicirlle que tiña que ver menos Intereconomía, e ao Sr. Chouciño, voceiro dun partido nacionalista, co que comparte opinións en canto á xestión feita polo Sr. alcalde, chegando a un punto totalmente insostible pois o concello estase caendo a cachos e cada día hai máis papeletas no Xulgado; que en canto á moción gustaríalle ir un paso máis e, xa que se debaten conxuntamente os puntos números 5 e 6, falar non só da prevaricación que se cita senón das posibles responsabilidades por outra vía como é a da inacción propia do Concello; que lle gustaría saber e pide que se diga na sesión, que está sendo pública, pois como ben dixo o Sr. Chouciño, moitas veces xa se pediron informes relativos a esta situación, a situacións procesais, etc, e nunca se dá unha contestación clara a efectos públicos, indicándolles que o teñen que solicitar por escrito pero nunca se dan uns fundamentos claros nin indicación sobre o punto no que se están a tratar; que lle gustaría saber non só a el senón a toda a oposición e a toda a veciñanza, se se presentou algún tipo de acción de responsabilidade social contra os administradores da sociedade anónima sobre a que se fala, en cumprimento do artigo 238 da Lei de Sociedades de Capital e di que, explicando un pouco todo isto, a empresa Club de Campo As Mariñas, S.A., levaba anos con problemas económicos, con vaivéns internos, chegando a un punto de incumprimento flagrante, entendendo que as instalacións da Garrocha non se viñeron abaixo dun ano para outro senón que foi derivado dunha falta de mantemento continuado e un abandono de funcións dos órganos de dirección e xerencia durante o paso do tempo e que a falta de pagamento dos canons é só un condicionante máis da mala xestión en relación ás obrigas contraídas co Concello de Culleredo, non sabendo a canto ascende a suma das reparacións en tanto en canto o que é o inventario sobre as propias instalacións, aínda que se exixiu por todos os grupos, se solicitou por parte dos funcionarios e se intentou practicar tal como reflexan os informes de Secretaría e Intervención, o Sr. alcalde non tivo a ben realizalo, facendo mención sempre a un procedemento xudicial que impide, a barreiras externas que non permiten inventariar e saber cal é o custo real, cal é a situación real da Garrocha, e poder saber a canto vai ascender ese gasto de reparación que vai haber.

C.I.F. P-1503100-H

Segue a súa intervención o Sr. Prieto García e di que, en relación a todo isto e consultado o Rexistro Mercantil resulta que os administradores do Consello de Administración da Sociedade Anónima coa que o Concello asinou o contrato cesaron no seu conxunto no mes de abril do ano 2016, practicando a Sociedade un peche de feito, que non de dereito, sen que se solicite a disolución da mesma referida no artigo 363 da Lei de Sociedades de Capital por parte da Xunta Xeral nin se practique por parte de ningún interesado, como pode ser o Concello, en base ao artigo 166, a disolución xudicial neste caso por vía xudicial de dito corpo legal, véndose como pouco a pouco isto se vai enturbiando porque aínda que si é certo que o Concello recuperou o aval isto supón só 120.000 euros, preguntando que pasa co resto do canon e quen o vai pagar e se vai ser unha sociedade que non presenta contas anuais desde o ano 2001, preguntando tamén se asinado un contrato coa dita sociedade non se fixo un seguemento e un control por parte da administración local, e se desde o ano 2001, sen presentar contas anuais, incumprindo o canon, cun abandono flagrante da situación da Garrocha externamente a efectos visuais, aínda así non hai ningún tipo de intervención, seguindo acumulándose importe e seguindo sen saber a cantidade porque non se inventariou, sendo a súa dúbida se ante unha sociedade que ten un capital social esgotado, que non presenta contas anuais e cuxos

16 de 57

Código do documento	Código do expediente
USG14I02OT	USG/2020/176
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
4410 1D0X 3K4T 3F1U 13BV	

administradores están cesados desde o ano 2016 cun peche de feito clarísimo da empresa, a quen lle vai reclamar o Concello e se exerceu algún tipo de acción de responsabilidade contra os administradores, se en relación coa acción social do artigo 178 se exixiron responsabilidades aos administradores ex artigo 225 por incumprimento do deber de dilixencia porque se o Concello non fixo isto, neste momento os administradores xa non van responder porque xa venceu o prazo de prescripción dos catro anos establecidos a raíz da sentenza de 20 de xullo de 2001 na que se fixa o recoñecemento dos catro anos do Código de Comercio según o artigo 949 e non procedendo xa o 1968.2 do Código Civil; que polo tanto, vencido o prazo de prescripción, non podendo exercitar a acción contra os administradores, existindo unha sociedade sen fondos e parece sen que exista unha solicitude por parte do Concello en relación á insolvencia flagrante que existía en relación ao artigo 2 da anterior Lei Concursal e a non solicitude de concurso voluntario ex artigo 5 da Lei Concursal en relación co 71 bis da mesma, unha situación na que parece que a sociedade non está en concurso, pois isto está confuso e hai que ver que pasou, que non está disolta e que ten un peche de feito pero non un peche real e que prescribiu a acción de responsabilidade contra os administradores, toda a débeda que existe do canon e toda a débeda que existe en canto ás posibles reparacións que se prevén, quen as vai asumir, preguntando a canto ascende a débeda total da reparación de toda A Garrocha e se se lle vai reclamar a unha sociedade da que só quedan os socios, sen administradores, respondendo os socios só co capital social aportado, na que non hai a por quen ir, nin administradores nin sociedade nin recursos da mesma, se o van pagar os concelleiros do grupo de goberno por non proceder correctamente conforme a Dereito; que esta é unha pregunta moi seria porque se está a falar dunha cantidade moi alta de cartos, e que se lle podería botar a culpa ao anterior Alcalde e dicir que non presentou as accións legais necesarias nos anos 2016 ou 2017, que é cando entra o actual alcalde pero resulta que tal como establece o artigo 241 bis da Lei Concursal actual hai un prazo de catro anos, preguntando se o equipo de goberno actual presentou algún tipo de acción para recuperar ditas cantidades.

C.I.F. P-1503100-H

Continúa o Sr. Prieto García dicindo que por todo o exposto, unido ao que presenta o grupo político do BNG en relación á depuración de responsabilidades, lle gustaría que esa búsqueda de responsabilidade non fose só pola vía penal senón que previamente se visen todas as actuacións do grupo de goberno e se investigasen e se saiba se a non repercusión e a non actividade xudicial vén motivada por unha negligencia flagrante, por falta de traballo e de aptitude profesional do grupo de goberno, que poida chegar a custar sobre millón e medio ou dous millóns de euros ao Concello de Culleredo; que incluso isto o podería entender pero o que non entendería nunca sería que existisen unhas motivacións ocultas por detrás para non ter executado antes o aval, para non terse intervido antes A Garrocha, para non ter exercido ningún tipo de acción legal contra os administradores, para non terse solicitado a disolución, para non ter solicitado o concurso, sendo isto o que lle gustaría saber; que con respecto á parte da Fiscalía gustaríalle tamén primeiro escoitar o argumentario do grupo de goberno porque nunca chegaron a escoitar a súa opinión respecto deste tema máis que largas nas comisións, compartindo comisión co Sr. Chouciño Garrido e falando da Garrocha un montón de veces sen que nunca obtiveran unha resposta clara sobre este tema, nin sobre o CLT nin outros, anunciando que o grupo político popular lle vai dar todo o seu apoio ao Sr. Chouciño Garrido na cuestión de depurar responsabilidades e que lle gustaría escoitar entonar un "mea culpa" se non se exerceron estas accións tanto por parte do Sr. alcalde como por parte da Sra. concelleira de Facenda.

A continuación solicita o uso da palabra o voceiro do grupo político BNG, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que despois de escoitar a exposición do concelleiro do grupo político popular non entende se o que pretenden é que se faga unha engádega á moción presentada neste punto.

De seguido solicita novamente o uso da palabra o Sr. Prieto García quen, unha vez concedido, di que tal como está redactada a moción, en cando ao fio de responsabilidades, a investigación sobre a prevaricación debería agrupar a conduta do órgano administrativo que sería a falta de negociación dos tramos que el mencionou, considerando que non é necesario engadir nada máis e que a súa intervención pretende contribuir a dar información á xente que poida seguir a sesión desde a casa e co ánimo de obter unha resposta do grupo de goberno.

Código do documento	Código do expediente
USG14I02OT	USG/2020/176
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
4410 1D0X 3K4T 3F1U 13BV	

Solicita novamente o uso da palabra o voceiro do grupo político do BNG, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que o feito de presentar a cuestión que se debate en dúas mocións separadas é debido a que o seu grupo considerou que inicialmente a nivel interno poderíase proceder a elaborar unha depuración de responsabilidades da que se falou no informe da Secretaria e da Interventora de tal forma que esa información se puidera achegar nunha acusación particular, o que consideraban factible e positivo; que pide que non o entendan mal e non se pense que van contra alguén pois o que a Fiscalía remitiu foron feitos nos que aprecia a prevaricación, non indicando, que eles saiban, se o que pode haber é unha negligencia ou se podería haber unha cuestión culpable, ou dilucidar se é dunha persoa ou dun colectivo, ou dun órgano municipal, indicando tan só que ve indicios de prevaricación nos feitos, polo que o seu grupo entende que a Corporación, no exercicio de defensa do patrimonio municipal, e vendo que este tema pode ascender a un importe elevado que o Sr. Prieto vén de aventurarse a cuantificalo e que o seu grupo non se atreveu a facelo, agardando que chegue a menor cantidade posible pois o contrario sería moi negativo para o Concello de Culleredo pois suporía unha perda máis das xa existentes; que considera que é positivo aprobar o punto número 5 e se haxa unha depuración interna de forma que iso serva tamén á hora de presentarse como acusación particular no Xulgado e despois a presentación como acusación particular nun pleito que está iniciado e que está en fase de instrución e no que unicamente a Fiscalía se atopa reclamando esta cuestión.

De seguido fai uso da palabra o Sr. alcalde-presidente e di que o goberno municipal iniciou a liquidación da Garrocha en tempo e forma desde que comezou o actual goberno no que el é alcalde, e respecto a personarse tal como se solicita na moción, di que será a asesoría xurídica do Concello a que deba aconsellar ao respecto polo que pedirán os informes pertinentes, engadindo que oficialmente non teñen coñecemento como Concello de todo o que se está a falar na sesión e que se dá por pechado o debate.

Intervén a continuación o Sr. Prieto García e di que non se está a debater se se fixo ou non a liquidación pois xa saben que a hai e que non se responde ao preguntado.

Fai uso da palabra o Sr. alcalde e lle di ao Sr. Prieto García que el aínda non rematara a súa intervención e que pedirán os informes pertinentes, insistindo en que non teñen ningunha comunicación oficial como Concello de como está ese proceso xudicial; que se o Sr. Chouciño Garrido, que foi á Fiscalía para denunciar o feito, se persoa na causa nomeando avogado e procurador pode coñecer de primeira man todo o que aí acontece se o que persegue é ter coñecemento de primeira man e que o equipo de goberno agardará ao que aconselle a asesoría xurídica ao respecto, indicándolle ao Sr. Prieto García que pode solicitar o acceso ao correspondente expediente e se lle dará acceso a el.

A continuación solicita o uso da palabra o Sr. Prieto García quen, unha vez concedido, di que o problema non é o acceso ao expediente e que partiría do Sr. alcalde a acción da que se está falando e que se tería que ter aprobado a interposición xudicial referida, sendo moi sinxela a súa pregunta que é se o equipo de goberno solicitou o concurso, a disolución xudicial da sociedade e se se instou a responsabilidade da acción do artigo 238 da Lei contra os administradores porque se non o fixeron xa se lles pasou o prazo, preguntando se neste último caso o prazo pasouse por negligencia ou polo que mencionou o Sr. Chouciño Garrido sobre a intervención da Fiscalía.

Responde o Sr. alcalde-presidente e di que non se pasou ningún prazo desde que se inicia a liquidación.

Intervén o Sr. Prieto García e di que non se trata da liquidación senón da responsabilidade dos administradores ex artigo 241 que son cousas ben distintas.

Responde o Sr. Alcalde-presidente e di que non se pasou ningún prazo, que se iniciou a liquidación e na resolución sacaranse as conclusións.

Código do documento	Código do expediente
USG14I02OT	USG/2020/176
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
4410 1D0X 3K4T 3F1U 13BV	

C.I.F. P-1503100-H

A continuación solicita o uso da palabra o voceiro do grupo político BNG, Sr. Chouciño García quen, unha vez concedido, di que considera que procedería responder ás cuestións presentadas polo Sr. Prieto García pois o contrario non se corresponde co bo tono que se está a seguir na sesión e co ánimo de esclarecer as cousas, engadindo, sobre o que vén de dicir o Sr. alcalde sobre que xa se iniciou a liquidación, que non se trata soamente de iniciar pois van xa dezaoto meses e tiña que estar xa liquidado, é dicir, pechado, nun mes; que lle sorprendeu tamén que o Sr. alcalde dixo que non sabían nada máis cando el mesmo lle respondeu á pregunta do Sr. Cañas Varela, anterior voceiro do grupo político popular, cando preguntou uns meses despois de ver que a Fiscalía procedera a abrir dilixencias se o goberno municipal sabía algo, que si houbera requirimentos, que se requirira a algún funcionario para ir testificar, motivo polo que non entende a resposta que deu o Sr. alcalde nesta sesión; que non entende tampouco o comentario feito sobre se se presenta o BNG, pois quen ten a obriga de defensa do patrimonio municipal é toda a Corporación, non o BNG en solitario, sendo ese o motivo polo que o seu grupo presenta estas mocións no pleno, porque a Corporación ten recursos xurídicos para defender o seu patrimonio, tendo non só recursos senón a obriga de facelo; que el non é amigo de poñer todo o articulado porque este non é un foro xurídico pero é obriga do Concello reclamar polos intereses municipais e mirar polas perdas e posibles perdas; que na dación de conta das resolucións da Alcaldía deste mes viu un comentario breve sobre que o Concello se vai personar como acusación particular nun pleito por un hurto, parecendo isto unha cuestión menor e na que seguramente o Concello deba facelo, preguntando como, se o Concello se persona nun hurto, non se vai personar neste tema onde se barallan cifras como 326.000 euros e ao que hai que sumar todo o que se dixo de liquidación, preguntando como non se vai reclamar esa mesma responsabilidade da Corporación, como entidade xurídica, como gobernantes e administradores nos catro anos de lexislatura dos intereses municipais e personarse cando se perden 326.000 euros e o que resulte a maiores, debéndose rendir contas tamén de beneficios pois unha porcentaxe deles deberían entregarse ao Concello de Culleredo, así como falarse tamén doutras cuestións xa non monetarias pois as instalacións deterioráronse e seguían a exercerse actividades dentro delas, non constando que houbera os pertinentes seguros na concesión, o que supón un perigo impresionante, pois se por exemplo cae unha uralita e mata a unha persoa, non hai un seguro que o cubra, insistindo en que o Concello de Culleredo, na dación de conta deste mes, di que se vai personar como acusación particular nun hurto, polo que non se entendería que o Concello se persone xudicialmente nun hurto e non se persone como acusación particular, da mesma forma, nunha cuestión na que se perden cifras seguramente millonarias pedindo que se o equipo de goberno ten algunha explicación que llea dean porque non entenden nada.

De seguido fai uso da palabra o Sr. Alcalde-presidente e di que ten que escoitar os informes que lle pasen desde asesoría xurídica.

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a moción do grupo político BNG, de data 20 de novembro de 2020, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: 9 (nove) dos sres/as: García Gorostizu, Rico Vereá, Prieto García, Chouciño Garrido, Pérez Mosquera, Méndez Mosquera, Ferreiro Varela, Mourelle Botana e Marzoa García.

Votos en contra: 12 (doce) dos sres/as: Rioboo Castro, Pombo Carril, Figueroa Fuentes, Iglesias Lovelle, Iglesias Becerra, Suárez García, Méndez Sánchez, Iglesias Gómez, López Díaz, Liñares Gestal, Amor Fernández e Seijas González.

Abstencións: ningunha.

Á vista do resultado da votación declárase non aprobada a moción.

Código do documento	Código do expediente
USG14I02OT	USG/2020/176
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
4410 1D0X 3K4T 3F1U 13BV	

6.- PREVIA RATIFICACIÓN DA SÚA INCLUSIÓN NA ORDE DO DÍA, MOCIÓN DO GRUPO POLÍTICO BNG RELATIVA A ACUSACIÓN PARTICULAR NO XULGADO EN RELACIÓN CON DENUNCIA INTERPOSTA POLA FISCALÍA.

A Presidencia, ao amparo do disposto no artigo 85.2 do Regulamento orgánico municipal (BOP nº 162, do 16/7/2004), e de conformidade coas prescricións do artigo 71.3 do ROM, somete á ratificación do pleno a inclusión na orde do día por razóns de urxencia, da moción do grupo político BNG, de data 20 de novembro de 2020, relativa ao asunto epigrafiado, que é ratificada por unanimidade.

Despoides, somete a debate e votación do Pleno a citada moción, que literalmente di:

"O Grupo Municipal do BNG achega, para o seu debate plenario e aprobación, se proceder, a seguinte proposta de moción para que o Concello de Culleredo defenda os seus intereses e se presente como acusación particular na instrución xudicial da denuncia da Garrocha.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O concello de Culleredo é propietario das instalacións deportivas do Monte Costa, que están instaladas en terreos propiedade da Deputación da Coruña. A situación é na parroquia de Culleredo, Estas instalacións deportivas foron asignadas en réxime de concesión administrativa á empresa "Club de campo As Mariñas" en documento formalizado en 2003 Nesta concesión, o prego de condicións administrativas comprometía á varias obrigas, entre elas:

1. Pago do Canon anual de 12.020,24€ anuais os primeiros 5 anos e de 24.040,48€ anuais os restantes.
2. Abonar ao concello unha participación en beneficios do 3% anual os primeiros 5 anos , do 10% anual os 5 anos seguintes e do 8% anual os restantes.
3. mantemento, limpeza e vixilancia das instalacións coas especificacións determinadas no contrato.
4. Xestión integral do Complexo Deportivo, que comprende: piscina, edificio social, naves con todas as instalacións e o aparcamento, así como as instalacións de carácter deportivo, cultural, recreativo e/ou turístico incluídas na súa oferta e explotación da cafetería e/ou restaurante.

Despoides de moitas reclamacións do BNG, produciuse un rescate da concesión, procedemento no que soubemos polos informes dos técnicos municipais que houbo perdas económicas por falla de cobro do canon de 326.000€ dos que o aval só cubriu 120.000. E falla por saber case dous anos despoides canto hai que sumar das perdas producidas entre outras, polo deterioro das instalacións, posto que malia as reclamacións continuadas do BNG, non se procedeu a practicar a liquidación obrigatoria por Lei para calculalo e proceder a reclamálo á concesionaria.

Segundo o comentado pola Concelleira de Contratación e Facenda, xa hai tempo que se dispón dun informe de valoración pero inexplicablemente pediuse outro. Desde hai algún tempo tamén se dispón dese outro pero nin así se trae a Pleno a liquidación, necesaria para defender os intereses patrimoniais do Concello de Culleredo.

As indicacións daquela, do Xefe de Servizo de Economía e Facenda, era que debería procederse a practicar a liquidación no prazo dun mes. Levamos 18 meses sen que se fixera.

No propio informe conxunto da Secretaría e Interventora (COVE 2M07 5B3M 7369 041L 078Y) cando se procedeu ao rescate da concesión, indicaba:

Cómpre advertir que dos datos que arroxa o expediente , alomenos esta causa de resolución do contrato (o impago do canon), existe dende o ano

Código do documento	Código do expediente
USG14I02OT	USG/2020/176
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
4410 1D0X 3K4T 3F1U 13BV	

2007 e consta acreditado o incumprimento co informe da Sra. Tesoureira municipal de data 17 de ebreiro de 2012, sen que durante todo este tempo se procedese á resolución do contrato, polo que, a xuízo das que subscriben, procede a depuración das posibles responsabilidades contraídas.. Non facelo, é actuar contra os intereses Municipais, contra o ordenamento xurídico e contra as indicacións das técnicas municipais.

En Marzo de 2019, o BNG xa presentou unha proposta de depuración de responsabilidades que foi rexeitada polo Pleno da corporación daquel entón.

Agora queremos dar a oportunidade aos membros desta corporación actual para que teñan a oportunidade de esixir a defensa do interese municipal.

Ademais do anterior, e por se fora pouco, o BNG procedeu a dar traslado de toda a información á Fiscalía, que despois de proceder á avaliación da situación, presentou denuncia diante do Xulgado de Garda. despois das súas Dilixencias de Investigación Penal núm. 228/2018, mediante decreto de 22 de xaneiro de 2018 porque, “en principio, os feitos conteñen un principio indiciario de constituír un delito de prevaricación do art. 404 do Código Penal a tenos da doutrina xurisprudencial referida ao elemento de arbitrariedade na resolución que se conceptúa como contradictoria co Dereito, o que se manifesta ben na carencia da competencia legalmente exixida, ben na falta de respecto das normas esenciais do procedemento, ben na contravención do fondo do disposto na lexislación vixente, ben na desviación de poder ne base a unha intención torcida... calificable como infracción palmaria, patente, evidente, esperpéntica, altamente contradictoria co claro texto legal.”.

É por todo o anteriormente exposto que propoñemos ao pleno da corporación, no exercicio das súas competencias, a seguinte **proposta de ACORDO**:

1. Que o Concello de Culleredo presente denuncia como acusación particular na instrución xudicial iniciada a raíz da denuncia interposta pola Fiscalía diante do xulgado de garda de A Coruña.

Non producíndose intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a moción do grupo político BNG, de data 20 de novembro de 2020, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: 9 (nove) dos sres/as: García Gorostizu, Rico Vereas, Prieto García, Chouciño Garrido, Pérez Mosquera, Méndez Mosquera, Ferreiro Varela, Mourelle Botana e Marzoa García.

Votos en contra: 12 (doce) dos sres/as: Rioboo Castro, Pombo Carril, Figueroa Fuentes, Iglesias Lovelle, Iglesias Becerra, Suárez García, Méndez Sánchez, Iglesias Gómez, López Díaz, Liñares Gestal, Amor Fernández e Seijas González.

Abstencións: ningunha.

Á vista do resultado da votación declárase non aprobada a moción.

7.- DACIÓN DE CONTA DE INFORMES DE REPARO DE INTERVENCIÓN.

A Presidencia dá conta aos membros da Corporación municipal dos seguintes informes de reparo formulados pola Intervención municipal:

- Informe de data 20/10/2020 (código de documento UIT14I00NA)

Código do documento	Código do expediente
USG14I02OT	USG/2020/176
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
4410 1D0X 3K4T 3F1U 13BV	

C.I.F. P-1503100-H

- Informe de data 28/08/2020 (código de documento UIT14I00IY)
- Informe de data 09/10/2020 (código de documento UIT14I00MR)
- Informe de data 09/10/2020 (código de documento UIT14I00MT)
- Informe de data 09/10/2020 (código de documento UIT14I00MU)
- Informe de data 09/10/2020 (código de documento UIT14I00MV)
- Informe de data 09/10/2020 (código de documento UIT14I00MW)
- Informe de data 22/10/2020 (código de documento UIT14I00O2)
- Informe de data 22/10/2020 (código de documento UIT14I00O3)
- Informe de data 22/10/2020 (código de documento UIT14I00O5)
- Informe de data 16/10/2020 (código de documento UIT14I00N6)
- Informe de data 26/10/2020 (código de documento UIT14I00OB)
- Informe de data 27/10/2020 (código de documento UIT14I00OF)
- Informe de data 27/10/2020 (código de documento UIT14I00OG)
- Informe de data 28/08/2020 (código de documento UIT14I00IO)
- Informe de data 03/11/2020 (código de documento UIT14I00PF)
- Informe de data 28/10/2020 (código de documento UIT14I00OJ)
- Informe de data 27/10/2020 (código de documento UIT14I00OD)
- Informe de data 28/08/2020 (código de documento UIT14I00IN)
- Informe de data 26/10/2020 (código de documento UIT14I00OC)
- Informe de data 28/08/2020 (código de documento UIT14I00IP)
- Informe de data 09/10/2020 (código de documento UIT14I00MS)
- Informe de data 09/10/2020 (código de documento UIT14I00MQ)
- Informe de data 17/08/2020 (código de documento UIT14I00HT)
- Informe de data 17/08/2020 (código de documento UIT14I00HV)
- Informe de data 17/08/2020 (código de documento UIT14I00HW)
- Informe de data 04/11/2020 (código de documento UIT14I00D5)

Código do documento	Código do expediente
USG14I02OT	USG/2020/176
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
 4410 1D0X 3K4T 3F1U 13BV	

- Informe de data 06/11/2020 (código de documento UIT14I00PS)
- Informe de data 06/11/2020 (código de documento UIT14I00PQ)
- Informe de data 06/11/2020 (código de documento UIT14I00PO)
- Informe de data 06/11/2020 (código de documento UIT14I00PW)
- Informe de data 06/11/2020 (código de documento UIT14I00PT)
- Informe de data 06/11/2020 (código de documento UIT14I00PY)
- Informe de data 17/08/2020 (código de documento UIT14I00HU)
- Informe de data 06/11/2020 (código de documento UIT14I00PZ)
- Informe de data 06/11/2020 (código de documento UIT14I00Q0)
- Informe de data 06/11/2020 (código de documento UIT14I00Q2)
- Informe de data 06/11/2020 (código de documento UIT14I00Q5)
- Informe de data 10/11/2020 (código de documento UIT14I00QI)
- Informe de data 10/11/2020 (código de documento UIT14I00QS)
- Informe de data 10/11/2020 (código de documento UIT14I00QT)
- Informe de data 10/11/2020 (código de documento UIT14I00QJ)

C.I.F. P-1503100-H

8.- DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA E CONCELLERÍAS DELEGADAS.

A Presidencia, de conformidade co disposto no art. 55 do ROM, dá conta aos membros da Corporación das resolucións ditadas pola alcaldía e concellarías delegadas, que comprenden un total de 224 resolucións numeradas da 1383 á 1606 do ano 2020, que se relacionan deseguido:

NÚM. RESOLUCIÓN	DATA	EXTRACTO	PLENO 26-11-2020
1383	22/10/2020	Aprobación da devolución da cantidade ingresada indebidamente polo concepto de Imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana por importe de 130,33€ a D.B.W.	
1384	22/10/2020	Autorizacións, disposicións, recoñecemento de obrigas e ordenación do pago das facturas incluídas na relación O/2020/105. (TERCEIRO: FEBRALART SL - IMPORTE TOTAL: 9.500,00€ e máis).	

Código do documento	Código do expediente
USG14I02OT	USG/2020/176
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
 4410 1D0X 3K4T 3F1U 13BV	

C.I.F. P-1503100-H

NÚM. RESOLUCIÓN	DATA	EXTRACTO	PLENO 26-11-2020
1385	22/10/2020	Recoñecemento da obriga e ordenación do pago da factura Operación 220200011972. (TERCEIRO: LIMOHERRAMIENTAS SL - IMPORTE TOTAL: 2.745,83€).	
1386	22/10/2020	Convocatoria á sesión extraordinaria da Xunta de Voceiros do día 26-10-2020.	
1387	22/10/2020	Aprobación da certificación núm. 1 da obra "Reforma interior de planta 1ª del edificio de usos múltiples". Plan: POS+OBRASSUM/2018. Adjudicatario: INGENIERÍA Y CONSTRUCCIONES MELCOR SL. Total certificación (IVE engadido): 32.748,41€	
1388	22/10/2020	Aprobación da certificación núm. 3 da obra "Reposición de beirarrúas no paseo marítimo". Plan: POS+2018. Adjudicatario: I.A.M. RUMBO INSTALACIONES Y OBRAS SL. Total certificación (IVE engadido): 24.461,52€	
1389	22/10/2020	Aprobación da certificación única da obra "Rehabilitación do pavimento da estrada á ermida de Ternande e Ledoño". Plan: POS 2018. Adjudicatario: EXCAVACIONES Y OBRAS MELCHOR SL. Total certificación (IVE engadido): 28.965,68€	
1390	22/10/2020	Aprobación do reembolso da cantidade ingresada polo concepto de Imposto sobre Obras e Construcións por importe de 328,02€ a J.O.M.	
1391	22/10/2020	Concesión bonificación do 50% por familia numerosa taxa distribución auga sobre os consumos comprendidos entre 30 a 50 m3 a L.M.P. con efectos de 01-10-2020.	
1392	22/10/2020	Concesión bonificación do 50% por familia numerosa taxa distribución auga sobre os consumos comprendidos entre 30 a 50 m3 a J.M.R.G. con efectos de 01-10-2020.	
1393	23/10/2020	Baixa da licenza municipal de ocupación de terreos de uso público para unhas mesas e cadeiras para a terraza do café-bar "Mon Petit Café", situado na R/ Hersa, concedida a J.B.O.R., con efectos 31-03-2020.	
1394	23/10/2020	Convocatoria á sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local do día 27-10-2020.	
1395	23/10/2020	Validación inscricións varias no Padrón Municipal de Habitantes (DECEMBRO 2019).	
1396	23/10/2020	Validación baixa inscricións varias no Padrón Municipal de Habitantes (DECEMBRO 2019).	

C.I.F. P-1503100-H

NÚM. RESOLUCIÓN	DATA	EXTRACTO	PLENO 26-11-2020
1397	23/10/2020	Validación inscricións varias no Padrón Municipal de Habitantes (XANEIRO 2020).	
1398	23/10/2020	Validación baixa inscricións varias no Padrón Municipal de Habitantes (XANEIRO 2020).	
1399	23/10/2020	Validación inscricións varias no Padrón Municipal de Habitantes (FEBREIRO 2020).	
1400	23/10/2020	Validación baixa inscricións varias no Padrón Municipal de Habitantes (FEBREIRO 2020).	
1401	23/10/2020	Validación inscricións varias no Padrón Municipal de Habitantes (MARZO 2020).	
1402	23/10/2020	Validación baixa inscricións varias no Padrón Municipal de Habitantes (MARZO 2020).	
1403	23/10/2020	Validación inscricións varias no Padrón Municipal de Habitantes (ABRIL 2020).	
1404	23/10/2020	Validación baixa inscricións varias no Padrón Municipal de Habitantes (ABRIL 2020).	
1405	23/10/2020	Validación inscricións varias no Padrón Municipal de Habitantes (MAIO 2020).	
1406	23/10/2020	Validación baixa inscricións varias no Padrón Municipal de Habitantes (MAIO 2020).	
1407	23/10/2020	Validación inscricións varias no Padrón Municipal de Habitantes (XUÑO 2020).	
1408	23/10/2020	Validación inscricións varias no Padrón Municipal de Habitantes (XULLO 2020).	
1409	23/10/2020	Validación inscricións varias no Padrón Municipal de Habitantes (AGOSTO 2020).	
1410	23/10/2020	Validación baixa inscricións varias no Padrón Municipal de Habitantes (AGOSTO 2020).	
1411	23/10/2020	Validación inscricións varias no Padrón Municipal de Habitantes (SETEMBRO 2020).	
1412	23/10/2020	Validación baixa inscricións varias no Padrón Municipal de Habitantes (SETEMBRO 2020).	

Código do documento	Código do expediente
USG14I02OT	USG/2020/176
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
 4410 1D0X 3K4T 3F1U 13BV	

C.I.F. P-1503100-H

NÚM. RESOLUCIÓN	DATA	EXTRACTO	PLENO 26-11-2020
1413	23/10/2020	Non facilitación da copia do proxecto de parcelación solicitado, dado que F.P.G. non ten a condición de interesada no expediente de segregación UAU/2019/467 e autorización a vista do mesmo a E.M.L.M.	
1414	23/10/2020	Levantamento reparo formulado pola Intervención xeral e avocación da competencia para aprobación, disposición e recoñecemento dos gastos e ordenación dos pagos relacionados O/2020/96. (TERCEIRO: LA VOZ DE GALICIA SA - IMPORTE TOTAL: 6,50€ e máis).	
1415	23/10/2020	Levantamento reparo formulado Intervención xeral e avocación competencia para aprobación, disposición e recoñecemento gastos e ordenación pagos relacionados O/2020/97. (TERCEIRO: INSTALACIONES DEPORTIVAS GALLEGAS, SL - IMPORTE TOTAL: 694,54€ e máis).	
1416	23/10/2020	Levantamento reparo formulado Intervención xeral e avocación competencia para aprobación, disposición e recoñecemento gastos e ordenación pagos relacionados O/2020/98. (TERCEIRO: OFIMEGA SL - IMPORTE TOTAL: 82,98€ e máis).	
1417	23/10/2020	Levantamento do reparo formulado pola Intervención xeral e avocación da competencia para aprobación, disposición e recoñecemento dos gastos e ordenación dos pagos relacionados O/2020/99. (TERCEIRO: NEA F3 IBERICA SL - IMPORTE TOTAL: 165,00€ e máis).	
1418	23/10/2020	Levantamento do reparo formulado pola Intervención xeral e avocación da competencia para aprobación, disposición e recoñecemento dos gastos e ordenación dos pagos Operación 220200011943. (TERCEIRO: INTEMAN SA - IMPORTE TOTAL: 171,82€).	
1419	23/10/2020	Levantamento do reparo formulado pola Intervención xeral e avocación da competencia para aprobación, disposición e recoñecemento dos gastos e ordenación dos pagos relacionados O/2020/100. (TERCEIRO: ODAIKO KREA SL - IMPORTE TOTAL: 300,00€ e máis).	
1420	23/10/2020	Levantamento do reparo formulado pola Intervención xeral e avocación da competencia para aprobación, disposición e recoñecemento dos gastos e ordenación dos pagos relacionados O/2020/101. (TERCEIRO: OFIMEGA SL - IMPORTE TOTAL: 87,13€ e máis).	
1421	23/10/2020	Autorizacións, disposicións, recoñecemento de obrigas e ordenación do pago das facturas incluídas na relación O/2020/102. (TERCEIRO: JARDINERIA ARCE SL. - IMPORTE TOTAL: 7.225,31€ e máis).	

Código do documento	Código do expediente
USG14I02OT	USG/2020/176
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
 4410 1D0X 3K4T 3F1U 13BV	

C.I.F. P-1503100-H

NÚM. RESOLUCIÓN	DATA	EXTRACTO	PLENO 26-11-2020
1422	23/10/2020	Autorizacións, disposicións, recoñecemento de obrigas e ordenación do pago das facturas incluídas na relación O/2020/103. (TERCEIRO: LIMPEZAS E SERVICIOS XALO SL – IMPORTE TOTAL: 12.388,86€ e máis).	
1423	23/10/2020	Recoñecemento das obrigas e ordenación do pago das facturas especificadas na relación O/2020/104. (TERCEIRO: DISCOFERRÓ GALICIA SL - IMPORTE TOTAL: 314,60€ e máis).	
1424	23/10/2020	Recoñecemento da obriga e ordenación do pago da factura Operación 220200011971. (TERCEIRO: N.G.M. - IMPORTE TOTAL: 420,00€).	
1425	23/10/2020	Recoñecemento da obriga e ordenación do pago da factura Operación 220200011970. (TERCEIRO: M.C.C.R. - IMPORTE TOTAL: 8.000,00€).	
1426	23/10/2020	Devolución da garantía formalizada o 19/05/2014 pola sociedade A BARQUIÑA SL (para responder posibles deterioros dominio público instalación terraza hotel A Barquiña).	
1427	23/10/2020	Orde de anotación no Rexistro municipal de subvencións das resolucións relativas á concesión de subvencións ou axudas durante o período comprendido entre o 1 de xullo de 2020 e o 30 de setembro de 2020, ambos os dous incluídos.	
1428	26/10/2020	Convocatoria á sesión ordinaria do Pleno Municipal do día 29-10-2020.	
1429	27/10/2020	Modificación do organigrama do Concello. Modificación da dependencia xerárquica do Servizo de Persoal e Organización que pasará a depender do Gabinete Técnico da Alcaldía e deixar sen efecto a atribución temporal de funcións concedida 05-10-2017 a R.B.F.	
1430	28/10/2020	Denegación a M.J.A.G. da tarxeta de estacionamento por razón de discapacidade.	
1431	28/10/2020	Expedición dun duplicado da tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade, por extravío, a A.L.G.	
1432	28/10/2020	Aprobación da devolución da cantidade de 47,22€ ingresada en concepto de taxa por "TASA OCUPACION VIA PUBLICA-IRENE-VILABOA-CULLEREDO" a I.S.M.	
1433	28/10/2020	Validación baixa inscricións varias no Padrón Municipal de Habitantes (XUÑO 2020).	

NÚM. RESOLUCIÓN	DATA	EXTRACTO	PLENO 26-11-2020
1434	28/10/2020	Traspaso totalidade saldo existente conta restrinxida de recadación do banco Santander ás contas correntes do concello nesa entidade, transferencia saldos á entidade Caixabank e peche de 3 contas bancarias abertas no Banco Santander con data 31-10-2020.	
1435	28/10/2020	Inicio dos trámites por inscrición indebida no Padrón de Habitantes de J.C.C.	
1436	28/10/2020	Inicio dos trámites por inscrición indebida no Padrón de Habitantes de P.I.R.P. e L.C.B.Z.	
1437	28/10/2020	Inicio dos trámites por inscrición indebida no Padrón de Habitantes de A.V.F.	
1438	28/10/2020	Inicio dos trámites por inscrición indebida no Padrón de Habitantes de R.P.R.R.	
1439	28/10/2020	Inicio dos trámites por inscrición indebida no Padrón de Habitantes de J.A.P.H.	
1440	28/10/2020	Inicio dos trámites por inscrición indebida no Padrón de Habitantes de D.D.R.	
- 5. Las diputaciones provinciales, consejos, cabildos insulares y, en todo caso, las demás entidades locales cuando su población sea superior a 20.000 habitantes, editarán el texto íntegro de las ordenanzas fiscales reguladoras de sus tributos dentro del primer cuatrimestre del ejercicio económico correspondiente. En todo caso, las entidades locales habrán de expedir copias de las ordenanzas fiscales publicadas a quienes las demanden.”*

C.I.F. P-1503100-H

Código do documento	Código do expediente
USG14I02OT	USG/2020/176
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
4410 1D0X 3K4T 3F1U 13BV	

O artigo 133 da LPAC, á hora de regular a participación cidadá no procedemento de elaboración de normas, dispón o seguinte:

"1. Con carácter previo a la elaboración del proyecto o anteproyecto de ley o de reglamento, se sustanciará una consulta pública, a través del portal web de la Administración competente en la que se recabará /a opinión de los sujetos y de las organizaciones más representativas potencialmente afectados por la futura norma acerca de:

a) Los problemas que se pretenden solucionar con la iniciativa.

b) La necesidad y oportunidad de su aprobación.

c) Los objetivos de la norma.

d) Las posibles soluciones alternativas regulatorias y no regulatorias.

2. Sin perjuicio de la consulta previa a la redacción del texto de la iniciativa, cuando la norma afecte a los derechos e intereses legítimos de las personas, el centro directivo competente publicará el texto en el portal web correspondiente, con el objeto de dar audiencia a los ciudadanos afectados y recabar cuantas aportaciones adicionales puedan hacerse por otras personas o entidades. Asimismo, podrá también recabarse directamente la opinión de las organizaciones o asociaciones reconocidas por ley que agrupen o representen a las personas cuyos derechos o intereses legítimos se vieren afectados por la norma y cuyos fines guarden relación directa con su objeto.

3. La consulta, audiencia e información públicas reguladas en este artículo deberán realizarse de forma tal que los potenciales destinatarios de la norma y quienes realicen aportaciones sobre ella tengan la posibilidad de emitir su opinión, para lo cual deberán ponerse a su disposición los documentos necesarios, que serán claros, concisos y reunir toda la información precisa para poder pronunciarse sobre la materia.

4. Podrá prescindirse de los trámites de consulta, audiencia e información públicas previstos en este artículo en el caso de normas presupuestarias u organizativas de la Administración General del Estado, la Administración autonómica, la Administración local o de las organizaciones dependientes o vinculadas a éstas, o cuando concurran razones graves de interés público que lo justifiquen.

Quando la propuesta normativa no tenga un impacto significativo en la actividad económica, no imponga obligaciones relevantes a los destinatarios o regule aspectos parciales de una materia, podrá omitirse la consulta pública regulada en el apartado primero. Si la normativa reguladora del ejercicio de la iniciativa legislativa o de la potestad reglamentaria por una Administración prevé la tramitación urgente de estos procedimientos, la eventual excepción del trámite por esta circunstancia se ajustará a lo previsto en aquella."

C.I.F. P-1503100-H

En relación a se a consulta pública previa recollida no artigo transcrito resulta necesaria só nos casos de novas ordenanzas fiscais , ou, se polo contrario, se aplica tamén á modificación destas a Dirección Xeral de Tributos, en informe de 19 de xaneiro de 2018 conclúe o seguinte:

"(..../....)A este respecto, hay que señalar que el apartado 4 del artículo 133 de la Ley 39/2015 establece la excepción al trámite de consulta, entre otros supuestos, para el de regulación de aspectos parciales de una materia.

Por lo tanto, se concluye que el trámite de consulta previa debe sustanciarse cuando se trata de la aprobación de una nueva ordenanza fiscal, mientras que en el caso de la modificación de una ordenanza fiscal ya aprobada con anterioridad, puede obviarse dicho trámite por tratarse de una regulación parcial de la materia.(..../....)".

E a Revista El Consultor de los Ayuntamientos y Juzgados, de 30 de xuño de 2020 (LA LEY 1966/2020), sinala que:

"(..../....)Dicho esto, y aunque se considerase que el precepto es aplicable a la entidades locales, hay que incidir en que el párrafo 4 del art. 133 de la Ley 39/2015, de 1 de octubre, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas (LA LEY 15010/2015), dispone lo siguiente:

4. Podrá prescindirse de los trámites de consulta, audiencia e información públicas previstos en este artículo en el caso de normas presupuestarias u organizativas de la Administración General del Estado, la Administración autonómica, la Administración local o de las organizaciones dependientes o vinculadas a éstas, o cuando concurran razones graves de interés público que lo justifiquen.

Quando la propuesta normativa no tenga un impacto significativo en la actividad económica, no imponga obligaciones relevantes a los destinatarios o regule aspectos parciales de una materia, podrá omitirse la consulta pública regulada en el apartado primero."

Partiendo de este precepto, nosotros entendemos lo siguiente:

Código do documento	Código do expediente
USG14I02OT	USG/2020/176
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
4410 1D0X 3K4T 3F1U 13BV	

Que la consulta previa del apartado 1 no es aplicable a la modificación de las ordenanzas fiscales, porque una modificación regula aspectos parciales de la materia, con lo que puede omitirse la consulta pública. Ello sin contar con la interpretación amplia que pueden tener las expresiones "no tenga un impacto significativo en la actividad económica" o "no imponga obligaciones relevantes a los destinatarios". Es decir, por ejemplo un incremento de una cuota tributaria en un 3, 4, o 5 % no tiene un impacto significativo en la actividad económica, y no impone una obligación relevante a los destinatarios si se tiene en cuenta que ya existía el tributo y se pagaba un poco menos que se va a pagar como consecuencia de la modificación."

Á regulación xeral contida nos preceptos citados, hai que engadir as esixencias contidas na Lei de Transparencia, acceso á información pública e bon goberno, que no seu artigo 7 , apartados d) e e) recolle a obriga de publicar : " d) Las memorias e informes que conformen los expedientes de elaboración de textos normativos, en particular, la memoria del análisis del impacto normativo regulada por el Real Decreto 1083./2009, de 3 de julio."(hoxe Real decreto 931/2017, de 27 de outubro)

"e) Los documentos que, conforme a la legislación sectorial vigente, deban ser sometidos a un período de información pública durante su tramitación".

Tamén a Ordenanza municipal de transparencia, acceso á información e reutilización establece no seu artigo 18, apartados b) e d) a obriga de publicar :

"b) Os proxectos de ordenanzas, regulamentos e outras disposicións de carácter normativo das que lles corresponda a iniciativa, incluíndo as memorias e informes que conformen os expedientes de elaboración destas normas. Cando sexa preceptiva a solicitude de ditames, a publicación producirase unha vez que estes fosen solicitados aos órganos consultivos correspondentes sen que iso supoña, necesariamente, a apertura dun trámite de audiencia pública.

(.../...)

"d) Os documentos que, conforme á lexislación vixente, deban ser sometidos a un período de información pública."

Polo tanto, na tramitación debe publicarse no portal de transparencia a dita información, se ben considerando que o Real decreto 931/2017 non resulta de aplicación á Administración local.

É o que expoño neste informe coas limitacións que se derivan do sinalado na cuestión previa, e que someto a calquera outro mellor fundamentado en dereito."

C.I.F. P-1503100-H

A continuación solicita o uso da palabra o concelleiro do BNG, Sr. Méndez Mosquera quen, unha vez concedido, di que o equipo de goberno trae esta proposta no tempo de desconto para modificar a ordenanza municipal de terrazas cando houbo tempo e tempo para facer esta proposta pois estase no momento de facer este tipo de propostas e que poidan ser aplicadas a partir do 1 de xaneiro cos debidos prazos de formulación de alegacións pero o grupo político do BNG trouxo o mes pasado unha proposta de reforma da ordenanza de distribución da auga para incluír entre outras cuestións compensacións polas deficiencias no servizo e o voto do equipo de goberno foi en contra e foi presentada no pleno do mes anterior para que puidera ser avaliada en tempo e forma e non como se fai neste caso no que os propios informes aos que se aludiu indican que as asinantes se viron privadas de tempo suficiente para poder realizar todas as consideracións necesarias para poder informar favorablemente e de forma definitiva a proposta do goberno municipal; que desde o BNG van votar a favor da proposta porque é necesario o seu apoio aos sectores máis prexudicados por esta pandemia e por esta crise sanitaria e económica máis o proceder do equipo de goberno con esta proposta deixa ver cales son as súas prioridades pois non tiveron presa ningunha en achegar a proposta aos técnicos que deberían informar sobre a súa idoneidade agardando ao 13 de novembro para iniciar o procedemento pero dándose presa en anunciálo na prensa pois o día 11 xa estaba nela, antes de iniciarse o procedemento, preferindo o titular a que o traballo vaia ben feito, algo que seguramente non collerá por sorpresa aos veciños e ás veciñas que están seguindo a sesión; que este non é o único caso do facer errático en política fiscal do equipo de goberno pois outro é, por exemplo, o aprazamento das taxas polo servizo de conservatorio, unha decisión que non se consultou coas propias usuarias porque os pais e nais deixaron claro a súa postura sobre que non se deberían cobrar as taxas polo tempo en que non se prestaron os servizos, así como outros que amosaron a súa

Código do documento	Código do expediente
USG14I02OT	USG/2020/176
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
4410 1D0X 3K4T 3F1U 13BV	

preferencia por pagar mes a mes e non verse agora obrigados a pagar o dobre durante os próximos meses, sendo outro exemplo as compensacións polo deficiente servizo de auga potable, lembrando que hai 542 veciños e veciñas sen resposta, agardando que se lles diga que pensa facer o Sr. alcalde para asegurarlles un servizo básico de calidade como é o da auga, resumindo en que o que hai é improvisación, co titular por diante.

Rematadas as intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da concelleira delegada da área de urbanismo e da área de facenda, patrimonio e administración electrónica de data 16 de novembro de 2020, resultando aprobada por unanimidade polo que devén en acordo nos termos transcritos.

9.2.- A continuación o Sr. Alcalde indica que hai outra moción presentada polo grupo político do BNG, de data 26 de novembro de 2020, relativa a manifestar o apoio do Concello ao pobo saharauí, recordando que para poder ser tratadas mocións neste punto da orde do día debe existir unha urxencia xustificada.

De seguido solicita o uso da palabra a concelleira do BNG, Sra. Pérez Mosquera quen, unha vez concedido, di que a urxencia vén motivada pola situación que se está a dar no territorio do Sáhara e polos conflitos existentes, non tendo practicamente tempo nin a redactar a moción, que se fixo no día anterior ao da sesión, e considerando que deixala sen presentar suporía esperar un mes máis ata poder facelo no pleno do mes de decembro.

A continuación o Sr. alcalde-presidente somete a votación ordinaria a declaración de urxencia da moción presentada polo grupo político do BNG, de data 26 de novembro de 2020, sendo aprobada por unanimidade.

Á vista do resultado da votación, a Presidencia somete a debate a moción presentada polo BNG en data 26 de novembro de 2020, que literalmente di:

“Enrique Antón Chouciño Garrido, na súa cualidade de Voceiro do Bloque Nacionalista Galego na Corporación do Concello de Culleredo, de acordo coa lexislación vixente e en nome do Grupo Municipal do BNG de Culleredo,

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde o 21 de outubro a poboación civil saharauí estivo protestando no paso de Guerguerat, reclamando o peche dunha brecha aberta no muro de guerra marroquí non contemplado nos acordos de cesamento do fogo e que utiliza Marrocos para a circulación de camións cara a países subsaharianos con produtos e recursos naturais roubados do propio Sahara Occidental.

Esta non é a primeira das agresións de Marrocos ao pobo saharauí, senón que é a última barbarie de Marrocos, no momento no que se están a cumprir 35 anos da invasión do Sáhara Occidental, despois de que o Estado español o “entregase” a Marrocos e Mauritania. Por iso o venres 13 de novembro prodúxose a invasión das forzas armadas marroquí neste territorio dando a fronte Polisaria por roto o alto ao fogo acadado no 1991 e declarando o sábado 14 de novembro a guerra a Marrocos.

O Pobo Saharauí leva esperando preto de 30 anos a que a comunidade internacional, Nacións Unidas, cumpran co acordado, é dicir, coa celebración de o referendo de autodeterminación que permita á cidadanía saharauí decidir libremente sobre o seu futuro. Subliñando que o papel de España é fundamental, como potencia administradora de o Sahara Occidental que ten unha responsabilidade histórica e xurídica coa descolonización deste territorio.

MOCIÓN

Por todo o dito, o BNG propón que o Pleno da Corporación Municipal, facéndose eco do sentir dunha parte importante da veciñanza e desde a defensa da legalidade internacional e da solidariedade entre os

pobos e a de rapaces procedentes dos campamentos de refuxiados do Sahara a través do programa Vacacións en Paz, adopte o seguinte

ACORDO

1. Manifestar o apoio do noso concello ao pobo saharai, expresando a condena pola ocupación ilegal por parte de Marrocos do territorio do Sáhara Occidental e reclamando a súa descolonización definitiva a través do exercicio do dereito á autodeterminación recoñecido polas Nacións Unidas. Así mesmo, condenar a represión e a violación dos dereitos humanos nos territorios ocupados do Sáhara Occidental por parte das autoridades marroquinas que viola as fronteiras e os acordos de Paz establecidos desde 1991.

2. Instar ao goberno español á abandonar a súa equidistancia entre as dúas partes, posicionándose de xeito claro coa parte agredida, a poboación saharai, a promover o diálogo entre as partes, para frenar a escalada de tensión e a que impulse como potencia administradora e con responsabilidades históricas á celebración do referéndum de autodeterminación pendente tras a inoperancia mostrada polo Consello de Seguridade, a Secretaría Xeral e a misión da ONU para organizar o referendun no Sahara Occidental (MINURSO) defraudaron todas as esperanzas que o pobo saharai había como ven denunciando a Fronte Polisaria.

3. Reclamar do goberno español o recoñecemento oficial da República Árabe Saharai Democrática e, así mesmo, o impulso no ámbito internacional do incremento da axuda humanitaria dirixida aos campos de refuxiados de Tinduf.”

Non producíndose intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a moción do grupo político do BNG, de data 26 de novembro de 2020, resultando aprobada por unanimidade polo que devén en acordo nos termos transcritos.

C.I.F. P-1503100-H

10.- ROGOS E PREGUNTAS.

A Presidencia fai uso da palabra e di que hai un rogo presentado polo grupo político do BNG

(neste intre auséntase da sesión o sr. concelleiro don Gonzalo Méndez Mosquera)

Continúa a súa intervención o sr. alcalde-presidente e lle dá a palabra ao voceiro do grupo político do BNG, Sr. Chouciño Garrido, para que proceda coa lectura do rogo presentado, recordando que os rogos e preguntas non son obxecto de debate senón simplemente de resposta por parte de quen corresponda.

A continuación, o Sr. Chouciño Garrido, facendo uso da palabra concedida, pide disculpas ao sr. alcalde-presidente por rectificarlle e di que efectivamente no ROM xa se recolle que as preguntas non se someten a debate senón que simplemente procede a súa contestación pero o rogo si e polo tanto si procedería no caso de que algún dos grupos ou algún dos concelleiros vexa algunha cuestión que haxa que aclarar ou algunha argumentación sobre o rogo que se presenta, procedendo a continuación coa lectura do dito rogo que di o que de seguido se transcribe:

“Enrique Antón Chouciño Garrido, na súa cualidade de Voceiro do Bloque Nacionalista Galego na Corporación do Concello de Culleredo, de acordo coa lexislación en vigor e en nome do Grupo Municipal do BNG de Culleredo,

Expón:

O 21 de outubro publicábase no BOE o Anuncio de la Dirección General de Aviación Civil, por el que se somete a Información Pública la delimitación de las servidumbres aeronáuticas acústicas del Aeropuerto de A Coruña.

No Pleno do 29 DE OUTUBRO DE 2020, o BNG fixo as seguintes preguntas:

Publicouse o día 21 de outubro no Boletín Oficial do Estado a nova pegada sonora do aeroporto de Alvedro cun prazo de corenta e cinco días para presentar alegacións, afectando a unha parte importantísima do Concello de Culleredo. Non sabendo as implicacións exactas que supón para os inmobles que están no ámbito da pegada, en cada unha das isofonas. Preguntamos se o Concello reclamou a Fomento ou a Aena ou a quen corresponda aclaracións polas restricións e a concreción sobre elas que pode supoñer esta nova pegada sonora e sobre a que xa existe, pois hai inmobles dentro dese ámbito.

O prazo remata o 28 de decembro, e BNG considera que o Concello debería presentar alegacións, non sabendo se o equipo de goberno realizou algunha actuación ao respecto delas, para que poidan participar tanto a veciñanza como os grupos da oposición. Porque ten que ser o goberno municipal o que inicie este procedemento que deberá partir coa elaboración dun informe dos servizos técnicos municipais ao respecto.

Respondeu a Sra. Alcaldesa en funcións dicindo que non dispoñía da información que se solicita pero que se nos facilitaría a mesma.

A día de hoxe non temos recibido información algunha ao respecto, como se comprometeu naquel momento.

A veciñanza ten unha gran confusión xa desde que se tramitaron os plans de servidumes aeronáuticas acústicas anteriores de 2001 e 2007, respecto dos seus dereitos e das afectacións ás súas propiedades. Hai que lembrar que a día de hoxe, centos de inmobles seguen pendentes de completar as insonorizacións.

Hai que lembrar tamén, que en 2018 co anuncio do Ministerio de Fomento no BOE 145 de 15 de Xuño da "...propuesta de revisión del Plan Director del Aeropuerto de A Coruña." Nos textos desa proposta incluía un parágrafo que determinaba:

A tales efectos, en los ámbitos incluidos dentro de las curvas isófonas Ld = 60 dB(A) - Le= 60 dB(A) - Ln= 50 dB(A) se considerarán incompatibles los nuevos usos residenciales, asistenciales, educativos o sanitarios, así como las nuevas edificaciones o las modificaciones de las existentes destinadas a dichos usos que incrementen el número de personas afectadas.

Tivemos consultas de veciños que nos planteaban as seguintes cuestións: Esta nova delimitación das servidumbres aeronáuticas acústicas do Aeroporto da Coruña

- “Como afectará ao valor das nosas vivendas?”
- “Vai supoñer algún tipo de compensación para xs propietarixs das vivendas afectadas?”
- “Por que a zona da Cros está, nos planos informativos do documento, clasificada como <<urbanizable>> malia estar urbanizada hai anos?”
- “Que sucederá ao remate da vida útil dunha edificación para levar a cabo unha nova construción no mesmo solo?”

Por todo o anterior, presentamos os seguinte **ROGO PARA SER RESPONDADO E DEBATIDO NESTE PLENO:**

1. Que se nos responda as preguntas mencionadas.

Código do documento	Código do expediente
USG14I02OT	USG/2020/176
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
4410 1D0X 3K4T 3F1U 13BV	

2. Que se convoque canto antes a Comisión Especial do Aeroporto con achega dos informes técnicos que se teñan feito, con especial énfase na aclaración das dúbidas que nos traslada a xente, expostas arriba e para preparar en consecuencia as alegacións municipais correspondentes, e en prazo á tramitación da “delimitación das servidumes aeronáuticas acústicas do Aeroporto da Coruña” que defendan os intereses da nosa veciñanza.”

A continuación o Sr. Chouciño Garrido di que el pensa que o rogo está ben claro e que quedan pouco máis de vinte e oito días para que se poida convocar a comisión, deliberar o exposto e ver se é o que interesa, entendendo desde o BNG que si procede porque xa cando foi o Plan Director do Aeroporto se presentaron alegacións e agora é unha derivada do mesmo e por este motivo se fai este rogo, considerando o Sr. Chouciño Garrido que si procede o debate e que se algún grupo político ou algún concelleiro de forma individual o desexa pode sumarse a este rogo, considerando que podería ser subscrito por todos.

De seguido fai uso da palabra o Sr. alcalde-presidente e di que o seu grupo se suma ao rogo do BNG e que se vai convocar a dita comisión; que o Concello de Culleredo está adoptando as medidas oportunas para ter fundamentadas tecnicamente as posibles alegacións ao proxecto de delimitación de servidumes aeronáuticas acústicas do Aeroporto de Alvedro, recordando que desde a tramitación do Plan Director do Aeroporto o equipo de goberno xa amosou o seu interese por defender os intereses dos veciños e veciñas e das empresas radicadas no término municipal; que ese proxecto de delimitación de servidumes aeronáuticas non só ten implicacións sobre o medio ambiente e o benestar das persoas senón tamén sobre as actividades económicas e os intereses económicos que lexítimamente deben ser defendidos con pleno coñecemento técnico de causa, acción que o Concello toma como propia e inherente ás súas competencias; que partindo do que vén de indicar di que se está a traballar na contratación dunha asistencia técnica especializada que, en colaboración cos técnicos municipais que xa teñen un traballo avanzado, elabore as alegacións técnicas pertinentes a partir dun documento que será sometido a consulta e participación da cidadanía; que con respecto a cada unha das cuestións presentadas no escrito do BNG di que efectivamente é certo que no documento de estudo da incidencia do aeroporto e das infraestruturas aeroportuarias no ámbito territorial circundante se establece a afección mencionada polo BNG, que supón unha afección a futuro, e como se di no dito estudio se considerarán incompatibles cos novos usos, o que supón unha devaluación de expectativas ou cando menos unha limitación na valoración dos bens inmobles pero non se debe esquecer que no caso de solos urbanos hai usos que xa están consolidados e se poderán seguir desenvolvendo; que con respecto aos solos rústicos ou urbanizables que non foran obxecto de desenvolvemento urbanístico están considerados como solos en situación básica de solo rural, tal como establece o Texto refundido da lei do solo e da rehabilitación aprobado polo Real decreto legislativo 7/2015 polo que as limitacións das servidumes aeronáuticas agora propostas terán unha repercusión menor que, non obstante, o Concello vixiará para que sexan as menores posibles.

Continúa a súa intervención o Sr. alcalde-presidente e di que con respecto á pregunta ou preguntas que fai a veciñanza, sobre como afectará ao valor das vivendas, di que efectivamente como as afeccións poden supoñer unha minusvaloración ao considerarse fincas afectadas por situacións especiais de carácter extrínseco que poden alcanzar un 20%, recollido tanto polos coeficientes establecidos no Real decreto 1020/93, normas técnicas de valoración, como pola propia dinámica do mercado se se realiza unha mera valoración de mercado; que en canto a se vai supoñer algún tipo de compensación para os propietarios das vivendas afectadas di que calquera minusvaloración producida por un cambio de afeccións aeronáuticas deberá ser resarcida segundo a Lei 48/1960 de navegación aérea, que no artigo 4 di que os donos de bens subxacentes terán dereito a ser resarcidos dos danos que se lles causen pola navegación aérea, aplicable non só a fincas obxecto de posible expropiación senón tamén a aquelas que se vexan severamente afectadas nos seus dereitos patrimonializados, engadindo o artigo 46 que serán susceptibles de expropiación de acordo coa lexislación vixente, os bens e dereitos necesarios para o establecemento e instalación de servidumes de aeroportos e aeródromos, así como de axudas á navegación aérea; que o decreto 548/1972, de servidumes aeronáuticas, no seu artigo 10.4, indica que serán indemnizables as

Código do documento	Código do expediente
USG14I02OT	USG/2020/176
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
4410 1D0X 3K4T 3F1U 13BV	

prohibicións ou limitacións que incidan sobre actividades en exercicio e afecten a dereitos xa patrimonializados, e no seu artigo 26 sobre eliminación de obstáculos e limitación ou prohibición de actividades existentes por establecemento ou modificación de servidumes di que corresponde ao Ministerio de Fomento resolver sobre a eliminación ou modificación de obstáculos, instalacións, actividades ou usos do solo entre aqueles existentes ou autorizados por servidumes aeronáuticas, e que cando estas medidas afecten a dereitos patrimonializados serán de aplicación as disposicións sobre expropiación forzosa.

Continúa a súa intervención e di que loxicamente pasará todo o que está a dicir por escrito e que, con respecto á pregunta sobre por que a zona da Cros está, nos planos informativos do documento, clasificada como <<urbanizable>> malia estar urbanizada hai anos, di que indican os técnicos que quizáis se deba a un erro na redacción que en todo caso deberá ser subsanado, se ben é certo que a dita zona está incluída dentro do sector urbanizable non programado A-3 O Burgo pero o sector foi desenvolvido; que respecto á pregunta d) sobre que sucederá ao remate da vida útil dunha edificación para levar a cabo unha nova construción no mesmo solo di que tal como se di no plan de desenvolvemento do aeroporto, aqueles terreos que sexan afectados por servidumes aeronáuticas específicas como a que marca a isófona LD 60 DB igual que a 50 DB se considerarán incompatibles cos novos usos residenciais, asistenciais, educativos ou sanitarios así como coas novas edificacións ou as modificacións das existentes destinadas a ditos usos que incrementen o número de persoas afectadas, o que quere dicir que as edificacións, usos e actividades levantados establecidos legalmente o seguen sendo pero en réxime de fora de ordenación, co cal no momento en que a súa vida útil remate e se demola non se poderán levantar novas construcións destinadas aos usos enumerados, polo que a hipoteca do aeroporto supón moito para o Concello e cando as diferentes forzas reivindicán os problemas que se están a ter tanto no patrimonio municipal como no patrimonio dos veciños e veciñas non se debe tomar a broma porque esta non é unha cuestión menor; que atende perfectamente o rogo feito polo grupo político do BNG, supoñendo que será atendido por todos os grupos e que todos compartirán o exposto e se convocará a solicitada comisión porque toda a información que se desprenda é de interese para os veciños e veciñas así como todas as achegas que se poidan facer na dita comisión ou noutros ámbitos como vén de facer o Sr. Chouciño Garrido ao que agradece o seu rogo.

C.I.F. P-1503100-H

A continuación solicita de novo o uso da palabra o Sr. Chouciño Garrido e di que o Sr. alcalde vén de dicir que se convocará a comisión e pregunta se se atrevería a aventurar unha data aproximada para dita convocatoria.

Responde o Sr. alcalde-presidente e di que probablemente a finais da vindeira semana ou principios da seguinte será convocada a antedita comisión xa que primeiro queren contactar coas empresas implicadas neste tema aínda que todas lles dixeron que podían atender con certa celeridade polo que tendo en conta o que hai xa avanzado por parte dos técnicos municipais e sabendo a onde se quere encamiñar o asunto pois unha das maiores preocupacións no plan director era que as vivendas dos afectados polas expropiacións non estiveran hipotecadas como están neste momento, e que no prazo de catro ou cinco anos aqueles propietarios afectados polo Plan Director puideran ser indemnizados, sendo esa a base das alegacións do Concello en defensa dos veciños e veciñas.

De seguido solicita o uso da palabra o voceiro do BNG, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que unha das cousas que máis lle preocupa ao seu grupo e que se vén macerando xa desde hai tempo é que xa hai unha pegada sonora, é dicir, unha afectación do son do aeroporto, estándose tramitando agora unha que amplía a que xa existe, entendendo que as mesmas afectacións das que vén de falar o Sr. alcalde, no entorno da afectación vixente, xa sae así e supón que os veciños de Culleredo non saben nada de todo isto ou polo menos a veciñanza coa que o seu grupo ten comentado, a máis próxima que eles coñecen que está no ámbito da pegada sonora actual descoñece isto considerando que esta é unha cuestión que se debe divulgar pois o primeiro é coñecer a situación para poder traballar na modificación que a amplía.

Fai uso da palabra o Sr. alcalde-presidente e di que supón que o Sr. Chouciño Garrido coincidirá en que as normas sobre navegación aérea son dos anos 70 e próximos polo que procedería que desde Madrid se preocuparan de

Código do documento	Código do expediente
USG14I02OT	USG/2020/176
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
4410 1D0X 3K4T 3F1U 13BV	

atender un pouco a casa e se preocuparan tamén de coñecer a realidade dos pobos que están afectados por un aeroporto pois aínda que todo se pode indemnizar ás veces non é o que se persegue.

A continuación solicita o uso da palabra a concelleira do grupo político do BNG, Sra. Pérez Mosquera quen, unha vez concedido, di que quere preguntar polo tema da Nacional 550 sobre a obra de Humanización, boulevard, etc, pois hai xa dous anos que o Sr. alcalde se xuntou cos comerciantes e acordou que os informaría en tempo e forma sobre as obras pois poderían estar afectados tendo en conta que se trata dunha zona de tránsito moi elevado, supoñendo que o equipo de goberno se poñerá en contacto con eles tal como se acordou e dado que parece que as obras van començar en breve, pregan que o goberno municipal se xunte cos e coas comerciantes e lles comenten en que van consistir as ditas obras, sen obviar que se está nun tempo moi complicado, no medio dunha pandemia, con parte dos negocios pechados, e se debería facer a obra coa menor incidencia posible sobre os e as comerciantes da zona.

Responde o Sr. alcalde-presidente e di que nesa primeira reunión que houbo se informou que o proxecto definitivo xa recolle todas as suxerencias presentadas a maiores de que individualmente xa se falou con cada un deles, atendendo non obstante ao rogo da Sra. Pérez Mosquera e farase unha reunión o máis segura posible con todos os afectados.

C.I.F. P-1503100-H

De seguido solicita o uso da palabra a voceira do grupo político popular, Sra. García Gorostizu quen, unha vez concedido, di que o seu grupo ten pendentes os rogos e as preguntas feitas no Pleno anterior sobre as que non obtiveron resposta ningunha e pasa a relacionalas a continuación xunto con outras:

1.- Sobre a Cros, que lle parece un tema importante que xa saiu en prensa e que tiña un proxecto e sobre o que xa preguntou en comisión informativa, pregunta se hai ou non análises sobre eses terreos

Responde o Sr. alcalde-presidente e di que tal como dixo na comisión informativa están pendentes dun tema coa Xunta de Galicia e que están en contacto cunha empresa, contando cunha partida presupostaria con cargo aos fondos europeos EDUSI de 200.000 euros, para o caso de que haxa contaminación, sabéndose xa que as naves están libres e que o único que podería ser obxecto de descontaminación, se fora o caso, sería algunha parte do solo, indicando que xa se está en contacto coa Xunta e cunha empresa que se atopa xa encargada de facer os estudos necesarios que indiquen que é exactamente o que se necesita facer nesa zona

Fai uso da palabra a Sra. García Gorostizu e di que o último que pediron, do 2018, parece indicar que si vai ser necesaria unha descontaminación.

Responde o Sr. alcalde-presidente e lle di á Sra. García Gorostizu que non se preocupe pois el vaille pedir un informe á área correspondente sobre as actuacións que se están a facer ao respecto e llo vai pasar para que teña coñecemento, adiantando que unha parte do recollido no proxecto presentado sobre o EDUSI xa ía destinado a esa descontaminación se fora necesaria na zona que está pechada por seguridade.

Indica a Sra. García Gorostizu e di que os ditos informes xa obrigaban a facer as analíticas correspondentes.

2.- Sobre a Comisión de Investigación da Cuberta das Brañas, a que caeu, di a Sra. García Gorostizu que o mes pasado o seu grupo propuxo no pleno a creación dunha comisión de investigación e o equipo de goberno negouse a incluír á oposición nesa comisión tendo transcurrido xa máis dun mes polo que pregunta se se dispón xa dalgún

54 de 57

Código do documento	Código do expediente
USG14I02OT	USG/2020/176
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
4410 1D0X 3K4T 3F1U 13BV	

informe cos resultados da investigación, se se sacou algunha conclusión e que actuacións ten previsto facer o equipo de goberno.

Responde o Sr. alcalde-presidente e di que se fixo unha valoración por parte do arquitecto municipal e se solicitou que se contratara a un calculista para concretar máis cal puido ser o problema de que a dita estrutura se desprendera.

Retoma a súa intervención a Sra. García Gorostizu e di que veciños da zona lle preguntan cando van poder usar as instalacións.

Responde o Sr. alcalde-presidente e di que el entende que ata que se remate con toda a investigación non se poden utilizar.

3.- A Sra. García Gorostizu di que quere preguntar tamén pola praza de Galicia pois trasladáronlle que a resolución xudicial que obriga ao Concello a reparar todos os desperfectos é do 2019; que se puxeron en contacto propietarios afectados, informándolle ao seu grupo que houbo algún requirimento por parte do xulgado ao concello, preguntando se o equipo de goberno pode dicir o que se lles comunicou.

Responde o Sr. alcalde-presidente e di que o que solicitan é información sobre en que fase se atopa a obra e que conceden 6 meses ou un prazo maior se fora necesario para a execución da mesma, informando de que se está a rematar xa o proxecto que vai xa integral.

C.I.F. P-1503100-H

4.- Sobre a rúa Mártires de Carral, perpendicular á Rúa Regueiro, di a Sra. García Gorostizu que se puxeron en contacto co PP varios veciños desa zona solicitando por favor que se asfaltara esa rúa comunicando que se estivo asfaltando a zona e deixaron esta rúa sen asfaltar; que os veciños presentaron sinaturas por rexistro xa fai case dous anos e non tiveron resposta nin polo Concello nin polo alcalde, polo que desde o seu grupo solicitan que se asfalte a rúa e se arranxe tal e como piden os veciños que alí viven.

Responde o Sr. alcalde-presidente e di que hai un proxecto pero cre recordar que hai un problema co dominio público.

5.- Sobre o nadal e a cabalgata di a Sra. García Gorostizu que souberon pola prensa que este ano, debido aos problemas que está a ocasionar o Covid, decidiuse suspender a cabalgata de reis magos e non sabe se máis actividades relacionadas co Nadal o que supón unha redución do gasto das arcas municipais e que desde varias plataformas se dirixiron ao seu grupo solicitando que eses cartos se destinaran a asociacións como Cáritas ou outras que se encargan de axudar a quen o necesita.

Responde o Sr. alcalde-presidente e di que o presuposto non gastado nese tema xa se destinou a axudas a familias afectadas polo Covid, suplementándose partidas en axudas sociais xa contando coa posibilidade de que non se realizaran as ditas actividades ao igual que pasou noutros concellos.

6.- Por último, a Sra. García Gorostizu di que na praza de Vilaboa parece que a obra non se axusta a proxecto nuns muretes que non se tiraron e non se sabe o motivo.

Código do documento	Código do expediente
USG14I02OT	USG/2020/176
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
4410 1D0X 3K4T 3F1U 13BV	

Responde o Sr. alcalde-presidente e di que iso ocorreu porque hai unhas modificacións que a dirección de obra pode facer e que están permitidas pola lei e a directora de obra considerou que o proxecto non era o máis adecuado no punto mencionado porque implicaba unha tirada de árbores que non consideraban oportuna polo que decidiron buscar outra solución porque tirar o muro supoñía tirar todas as árbores.

A continuación solicita o uso da palabra o concelleiro do grupo político popular, Sr. Prieto García quen, unha vez concedido, di que o primeiro rogo que presenta é recordar a promesa feita polo Sr. alcalde de reparar todas as estradas no entorno rural e especialmente na parroquia de Culleredo nas rúas perpendiculares á rúa do Concello e pola parte de abaixo na zona das Reixas que está bastante deteriorada; que presentaron no rexistro municipal uns escritos comunicando diversas carencias en toda a zona de Vilaboa, O Pazo e A Corveira respecto do mobiliario público, beirarrúas que están rotas, árbores caídas; que outro rogo é respecto á petición veciñal presentada tamén no rexistro municipal en relación coa mellora da seguridade na Corveira, xusto fronte ao restaurante Caamaño, onde estaba o salón de vodas, onde hai un paso de peóns elevado pero según se sobe a rotonda non hai visibilidade para incorporarse e houbo xa un par de atropelos; que outro rogo que ten é presentar no pleno un recoñecemento oficial aos funcionarios municipais, persoal de Rexistro, Secretaría, Urbanismo, Intervención, Tesouraría, persoal de Informática, etc., pola súa labor e que a pesar das complicacións de asistencia motivadas pola Covid e a falta de previsión do goberno municipal desenvolveron unha grande conduta profesional durante todo este tempo; que ten tamén un rogo, xa en liña persoal, referido a pedir disculpas á concelleira de Facenda e Urbanismo dona Marta por se nalgún momento pensou que el lle dirixiu algún ataque persoal como nunha comisión pasada na que parece que se produciu unha tensión e non era esa a súa intención pois el as referencias que fai son á persoa política, ao cargo, e non á persoa en particular, e que non dubida para nada da súa capacidade como avogada, sendo as súas verbas dirixidas á persoa como concelleira, dentro da esfera política, e non á capacidade profesional e persoal da mesma.

C.I.F. P-1503100-H

Continúa a súa intervención o Sr. Prieto García e di que xa no apartado de preguntas, en relación coa mesma comisión referida, e en relación ao recurso de apelación e impugnación da sentenza do CLT non se indicou na comisión cal foi a causa ou a estratexia procesal pola que se fixo isto e quere saber simplemente se venceu o prazo e o concello se agarra a esta acción pois non é o mesmo o fondo dun recurso de apelación que o dunha impugnación dunha sentenza en canto á dificultade da argumentación xurídica e a súa consecución; que el é moi xoven e agradece que se lle instrúa e se lle diga se é mellor por unha ou outra razón pero polo menos saber por que se está facendo porque el segue pensando que o motivo é que rematou o prazo; que outra pregunta que tampouco se lles contestou no outro pleno é referida a que a concelleira de Urbanismo dixo que antes de rematar o ano ía estar aprobado o Plan Xeral polo que pregunta se se vai cumprir co prometido e antes de acabar o ano, no pleno de decembro, o equipo de goberno ten pensado levar o plan xeral para a súa aprobación; que outra pregunta tamén para a concelleira de Facenda é referida a que no pasado ano houbo nove millóns de euros en facturas irregulares preguntando se se sabe a canto alcanza a suma ata o día de hoxe en facturas irregulares con reparos de Intervención e Secretaría no que vai de ano; que en xunta de voceiros, ante unha pregunta da voceira Sra. García Gorostizu, o Sr. alcalde contestou que os concelleiros do grupo de goberno daban conta de toda a súa actividade nas comisións informativas e o grupo político popular, durante os últimos tres meses, adicouse a preguntar en todas as comisións que fan os concelleiros e a resposta, polo menos na comisión da que é membro titular o Sr. Prieto García, foi que iso se respondería por escrito pero, solicitado ese escrito nas dúas comisións seguintes, se lles dixo que non ían dar resposta pois iso xa se recollía no quefacer diario polo que pregunta cal é o quefacer diario dos concelleiros e concelleiras e as súas funcións efectivas, o que realizaron durante este ano e medio de goberno e así poder saber se o seu soldo está ou non axustado ás actuacións realizadas; que tal como están as cousas en Culleredo, pregunta se o equipo de goberno ten pensado unha rebaixa salarial de toda a Corporación municipal porque hai que ter en conta que o Sr. alcalde, por exemplo, como alcalde, percibe 55.000 euros ao ano tal como se pode ver no portal de transparencia do concello, ou a concelleira delegada de Política Social, a de Seguridade Cidadá, a de Facenda, que perciben 39.800 ou sexa, practicamente 40.000 euros ao ano polo que el considera que

Código do documento	Código do expediente
USG14I02OT	USG/2020/176
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
4410 1D0X 3K4T 3F1U 13BV	

tal como está a situación todos deberían apretarse un pouco máis o cinturón; que este mes houbo tres plenos, un pola RPT, pois vencía o prazo de resposta ao recurso; outro polo tema de transporte, e outro o pleno ordinario, preguntando por que existen tres plenos e non se unifica todo presentando a RPT e o tema de transporte no mes de outubro e aforrar o custe xa non da Corporación senón de tempo tanto da Secretaria como da Interventora e todo o corpo funcional que precisa repetir tres veces o pleno ou as empresas que veñen ao salón a gravar o custe que supoñen repetido por tres e que é un custo que ao final repercute totalmente nos veciños; que por último, pide que se lle conteste como pregunta porque non o fixo antes, que o Sr. alcalde dixo que a liquidación da Garrocha estaba dentro de prazo pero como el xa comentou no Rexistro Mercantil falouse do cese e ese é do 13 de abril de 2016 polo que a acción social xa está prescrita polo que se o equipo de goberno ten algunha información sobre isto agradecería moito recibila.

Responde o Sr. alcalde-presidente e di que estas preguntas as analizará en detalle e serán contestadas no próximo pleno.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as quince horas e corenta e tres minutos do mencionado día, redactándose de todo iso a presente acta do que eu, secretaria, dou fe.

Vº e praxe,
O Alcalde-Presidente
(asinado dixitalmente)

C.I.F. P-1503100-H